



Universidade de Vigo

Edusogal

Estudo diagnóstico sobre a situación da profesión da Educación Social en Galicia

Coordinadoras:

Laura Varela Crespo (USC)

María Barba Núñez (UDC)

Equipo de investigación:

María Victoria Carrera Fernández (UVigo)

Luisa Losada Puente (UDC)

M. Carmen Morán de Castro (USC)

Germán Vargas Callejas (USC)

Apoio técnico:

Montse Sánchez Barcia (CEESG)

2025

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo

ISBN: 978-84-09-66036-0

Índice

Introdución.....	3
Metodoloxía	4
Resultados	9
Perfil das/os participantes no cuestionario.....	9
Perfil profesional	10
Ámbitos	10
Competencias no exercicio profesional.....	15
Funcións desenvolvidas.....	17
Situación laboral	19
Exercicio profesional e denominación do posto de traballo	21
Condicións do emprego	23
Valoración da satisfacción profesional	27
Formación	33
Formación inicial.....	33
Formación continua	38
Necesidades formativas.....	40
Sobre o CEESG e a participación colexial	44
Propostas de mellora	50
Perfil profesional. Síntese de datos.....	55
Referencias.....	58

INTRODUCCIÓN

No marco dun convenio de colaboración entre o CEESG e as universidades galegas que imparten o título de Grao en Educación Social (Universidade da Coruña -UDC-, Universidade de Santiago de Compostela -USC- e Universidade de Vigo -UVigo-), realízase un estudo diagnóstico arredor da situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego.

Tras o desenvolvemento da formación universitaria da educadora e do educador social desde a década dos 90 e dado o percorrido xa consolidado no quefacer profesional en diversos ámbitos de intervención (infancia e mocidade, familias, persoas maiores, desenvolvemento comunitario, etc.), resulta fundamental realizar unha investigación (*Edusogal*) que permita recoller información de interese para o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) e as Administracións públicas e entidades/empresas contratantes sobre a actualidade da profesión e o desenvolvemento dos seus cometidos; tamén para as Universidades, acerca das necesidades formativas das persoas tituladas, as competencias adquiridas, as súas demandas e propostas de mellora.

O obxectivo xeral céntrase en levar a cabo unha diagnose da situación actual da profesión da educación social en Galicia, que se concreta nos seguintes **obxectivos** específicos:

- Coñecer os principais ámbitos de inserción e acción profesional.
- Analizar as necesidades formativas definidas polo colectivo de educadores/as sociais, tanto iniciais como en servizo.
- Describir as funcións que desempeñan os educadores/as sociais nos espazos de intervención profesional (específicas e compartidas).
- Identificar as condicións sociolaborais nas que se está a exercer a profesión.
- Analizar o grao de satisfacción co exercicio profesional.
- Aproximarse ao coñecemento, recoñecemento e participación das educadoras/es sociais co Colexio Profesional.
- Identificar demandas e propostas de futuro para a mellora da profesión.

METODOLOXÍA

A continuación preséntanse o tipo de estudo deseñado, así como as persoas participantes, os instrumentos, o procedemento e a análise de datos, atendendo tanto a dimensión cuantitativa como cualitativa.

Tipo de estudo

Para dar resposta ós obxectivos do estudo, levouse a cabo unha investigación multimétodo ou integrativa, combinando as metodoloxías cuantitativa e cualitativa. Na dimensión cuantitativa desenvolveuse un estudo correlacional de carácter transversal a través dun cuestionario. Na dimensión cualitativa leváronse a cabo grupos de discusión a través dun guión de preguntas chave de carácter semi-estruturado.

Participantes

Na dimensión cuantitativa do estudo participaron un total de 231 educadoras e educadores sociais colexiados no CEESG. Destas o 91,3% identificáronse como mulleres, o 8,3% como homes e o restante 0,4% como persoa non binaria. Teñen unha media de idade de 38,4 anos. No apartado de resultados amplíase o perfil das persoas participantes na parte cuantitativa do traballo.

Polo que respecta á dimensión cualitativa do estudo, leváronse a cabo tres grupos de discusión cun total de 17 persoas participantes, 13 educadoras e catro educadores sociais colexiados no CEESG, co fin de coñecer a súa percepción sobre a situación da profesión no contexto galego. Destes, seis tiñan menos de cinco anos de experiencia laboral e 11 máis de cinco. Seis delas obtiveron a titulación de Educación Social na USC, catro na UDC e sete na UVigo. Na Táboa 1 inclúense os criterios para a selección de participantes.

Táboa 1

Variables e criterios para a selección de participantes

Variables	Criterios
Número de participantes	Entre 4 e 7
Xénero	Diversidade de identidades
Universidade de titulación	Universidades galegas: UDC, USC, UVigo
Ámbito de intervención	Cando menos, 3 diferentes (servizos sociais, animación sociocultural, infancia e adolescencia, etc.)
Anos de experiencia laboral	Representación de menos de 5 e máis de 5 anos
Institución/entidade de traballo	Cando menos, 3 diferentes (Administración pública, empresa privada, terceiro sector, auto-emprego...)

Atendendo ós requirimentos metodolóxicos sinalados e ós educadores e educadoras que finalmente accederon a participar na investigación, os tres grupos de discusión conformáronse da seguinte forma:

- Grupo de educadoras e educadores de A Coruña (GDC): integrado por tres educadoras e un educador, con titulación en Educación Social obtida na UDC. Dous participantes contaban con menos de cinco anos de experiencia profesional e as outras dúas persoas con máis de cinco. Exercían profesionalmente en diferentes ámbitos (animación sociocultural, cooperación internacional, maiores, persoas con problemáticas asociadas a condutas aditivas) e en institucións de diverso tipo (públicas e do terceiro sector).
- Grupo de educadoras e educadores de Santiago de Compostela (GDS): integrado por cinco educadoras e un educador, con titulación en Educación Social obtida na USC. Tres participantes contaban con menos de cinco anos de experiencia profesional e outras tres persoas con máis de cinco. O desempeño profesional das educadoras e do educador desenvolvíase en diferentes ámbitos (servizos sociais, escola, infancia, educación sexual, saúde mental e diversidade funcional) e en institucións de diverso tipo (públicas, privadas, terceiro sector).
- Grupo de educadoras e educadores de Ourense (GDV): integrado por cinco educadoras e dous educadores, con titulación en Educación Social obtida na UVigo. Seis das persoas participantes contaban con máis de cinco anos de

experiencia e un con menos de cinco. Os sectores de traballo foron: infancia, educación familiar, adicións e persoas maiores, tanto en institucións públicas (administración local), como en empresa privada e en entidades do terceiro sector.

Instrumento

Tal e como se sinalou anteriormente, na dimensión cuantitativa da investigación deseñouse un cuestionario que consta de seis bloques temáticos:

- *Datos de identificación:* recolle información de carácter sociodemográfico referida a xénero, idade e titulación/s obtida/s.
- *Situación laboral:* refírese á experiencia e exercicio profesional, á denominación do posto de traballo, ao tipo de contrato e nivel de contratación, ao salario e aos ámbitos de exercicio profesional (actuais e pasados). Tamén se pregunta polo grao de satisfacción coas condicións da situación laboral.
- *Formación inicial e permanente:* inclúe ítems de valoración das achegas da formación nos diferentes ámbitos de actuación profesional, así como os contidos e competencias nos que se demanda formación. Tamén se pregunta polas necesidades formativas en diferentes ámbitos para o desempeño das súas funcións laborais.
- *Exercicio profesional:* refírese ás competencias e funcións que desempeñan.
- *Colexio profesional:* alude a preguntas nas que se valora o labor do CEESG, as súas motivacións para pertencer o Colexio, o seu nivel de participación e o interese en participar en actividades e iniciativas promovidas polo colexio profesional.
- *Propostas de mellora:* incorpora as suxestións de mellora das educadoras e educadores sociais en relación ao CEESG, ás Universidades galegas, ás Administracións públicas e ás entidades/empresas contratantes.

No Anexo 1 recóllese o cuestionario administrado.

O guión para o desenvolvemento do grupo de discusión organizouse nos seguintes bloques temáticos:

- *Formación*: valoración da formación inicial e permanente (contidos, competencias, demandas formativas e propostas de mellora).
- *Exercicio profesional*: valoración da situación actual do exercicio profesional (ámbitos de intervención, contextos emerxentes, competencias clave, principais dificultades, propostas de mellora).
- *Realidade da profesión*: valoración xeral do campo profesional en Galicia, visión persoal da situación da profesión e propostas que realizan para mellorar a presenza e consolidación da educación social no contexto galego.
- *Retos e desafíos*: no referido ao CEESG, á formación universitaria, ás Administracións públicas (autonómica e local) e ás entidades/empresas contratantes.

No Anexo 2 inclúese o guiión de tópicos que orientaron os grupos de discusión.

Procedemento

Polo que respecta á dimensión cuantitativa do estudo, o cuestionario foi anónimo, voluntario e auto-administrado. O proceso de aplicación do mesmo realizouse de forma online a través da plataforma *Google Forms*, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2023, ampliándose o prazo de recepción de respostas ata o 8 de setembro dese ano. A duración aproximada de resposta ó mesmo foi de 20 minutos. A difusión levouse a cabo a través de envío de correos electrónicos ás colexiadas e colexiados do CEESG (956), e a través da páxina web do colexio profesional e de redes sociais (*Facebook* e *X*).

En canto á dimensión cualitativa, o contacto coas persoas participantes foi realizado no momento inicial polo CEESG vía telefónica, e posteriormente polo equipo investigador de cada unha das universidades participantes. As persoas asinaron un consentimento informado (ver Anexo 3) no que se lles achegou información sobre os obxectivos do estudo, o procedemento a seguir no desenvolvemento do grupo de discusión e no cal autorizaban á gravación e tratamento da información recollida para os fins previstos.

O desenvolvemento dos grupos de discusión tivo lugar os días 17 de novembro (USC e UVigo) e 11 de decembro de 2023 (UDC), nas Facultade de Ciencias da Educación

das Universidades de A Coruña e de Santiago de Compostela e na Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, no Campus de Ourense, por ser onde se imparte a titulación de Educación Social. Cada grupo de discusión contou coa presenza dun moderador/a e un observador/a (co obxectivo de recoller notas e apoio nas cuestións técnicas). A duración aproximada de cada un deles foi de dúas horas. Os discursos dos grupos de discusión foron gravados en audio e transcritos de forma literal posteriormente.

Análise de datos

Para a análise dos datos cuantitativos utilizouse o software estatístico SPSS (v.25). Leváronse a cabo análises univariados, baseados en porcentaxes, medidas de tendencia central (media e mediana) e de dispersión (desviación típica), e análises bivariados, incluíndo, entre outras análises, os coeficientes de correlación de Pearson.

En canto ós datos derivados da dimensión cualitativa, para a interpretación dos ámbitos de intervención das e dos profesionais xeráronse tres categorías: contextos, colectivos e temáticas transversais. Os contextos aluden aos escenarios - institucionais, territoriais...- de intervención socioeducativa (servizos sociais, escola, etc.); os colectivos refírense ás actuacións que poñen o foco de atención nas características específicas das persoas (infancia e adolescencias, persoas maiores, etc.); e as temáticas transversais versan sobre contidos educativos que se desenvolven *en* e *con* diversos contextos e colectivos tales como igualdade, diversidade sexual ou a educación ambiental, entre outros.

A análise da información cualitativa realizouse de forma manual, elaborándose un sistema de códigos derivado do protocolo de discusión, e introducindo os novos códigos e subcódigos que emerxeron no proceso de análise da información. O conxunto de categorías e subcategorías xeradas foron agrupadas arredor dos catro grandes temas de análise establecidos para o cuestionario: formación, exercicio profesional, realidade da profesión e retos e desafíos.

RESULTADOS


No que segue, preséntanse os principais resultados referidos ao perfil e características xerais das persoas participantes, ao perfil profesional, á situación laboral, á formación (inicial e continua) e ao colexio profesional, obtidos a partir do cuestionario e dos grupos de discusión realizados.

PERFIL DAS/OS PARTICIPANTES NO CUESTIONARIO

Neste estudo diagnóstico da situación da profesión da Educación Social (ES) en Galicia **participaron** un total de 231 educadoras e educadores sociais colexiadas no CEESG, identificándose 210 persoas co **xénero** feminino (91,3%), 19 co masculino (8,3%) e un non binario (0,4%), datos que evidencian o carácter feminizado da profesión, sendo unha das constantes que a definen desde o seu nacemento ata a actualidade (Figura1).

Figura 1


Distribución das persoas participantes por xénero



A media de **idade** das profesionais sitúase nos 38,4 anos, predominando a franxa de idade de 32 a 42 (41,1%), seguida pola de 21 a 31 (25,5%) e a de 43 a 53 (27,3%). O grupo de idade menos representado no estudo é o correspondente ás persoas de 54 a 65 anos (6,1%). Cabe destacar que as primeiras educadoras tituladas finalizaron os seus estudos no curso 1996-1997, do que pode derivarse a menor representación da franxa de 54 a 65 anos entre as educadoras colexiadas (maioritariamente habilitadas).

Figura 2

Distribución das persoas participantes por tramos de idade



PERFIL PROFESIONAL

Os datos obtidos permiten delimitar o perfil profesional das educadoras e educadores sociais en exercicio, atendendo a aspectos como o ámbito de exercicio profesional, as competencias e funcións desenvoltas no seu traballo.

Ámbitos

Ao preguntar sobre os **ámbitos** (contextos, colectivos, temas transversais) aos que actualmente se vincula a acción profesional, os máis representados, segundo se amosa na Táboa 2, son os de “infancia e adolescencia” cun 35,2%, seguido de “intervención socioeducativa con familias” e “servizos sociais comunitarios”, ambos cun 22,6%, e “mocidade” cun 21,3%. A “diversidade funcional” e a “xerontoloxía” ocupan tamén un lugar destacado, seguido dos ámbitos de “formación e orientación laboral” e “educación de persoas adultas”. Nesta liña, as persoas informantes reafirman a representación da educación social nos ámbitos tradicionais:

Os ámbitos tradicionais non desapareceron, o sea, seguen aí (...), pero eses ámbitos en si mudaron. (GDS2)

Menores, o tema de diversidade funcional, servizos sociais, pero si que é certo que sendo ámbitos que levan máis percorrido (...) se transformaron moito. (GDS3)

Eu creo que nos tradicionais seguimos estando presentes (...), en educación de persoas adultas, educación permanente (...), incluíndo servizos de residencias, centros de día, servizos máis asistenciais para persoas maiores. (GDC3)

A isto súmase o que consideran contextos emerxentes, tales como migracións ou menores e igualdade:

Inmigración, polo que estamos falando, das guerras, de todo o que está pasando, o COVID tamén supuxo unha lesión despois. E vén xente de.... calquera perfil, ou sexa, xa non é un perfil concreto, vén xente con formación universitaria, dá igual. (GDC3)

Con rapaces, en temas de igualdade que tamén hai moita xente dentro da educación social. (GDC1)

Así mesmo, na Táboa 2, obsérvase en conxunto unha focalización nos colectivos de “infancia”, “familias” e “mocidade”, no contexto de “servizos sociais comunitarios”, e coa “igualdade” e a “saúde mental” como contidos destacados de acción educativa.

Táboa 2

Ámbitos actuais de exercicio profesional

	Ámbitos	N	%
Contextos	Servizos sociais comunitarios	52	22,6
	Formación e orientación laboral	29	12,6
	Desenvolvemento comunitario	20	8,7
	Sistema escolar	16	7,0
	Lecer e tempo libre	14	6,1
	Animación sociocultural e xestión cultural	13	5,7
	Cooperación ao desenvolvemento	4	1,7
Colectivos	Infancia e adolescencia	81	35,2
	Intervención socioeducativa con familias	52	22,6
	Mocidade	49	21,3
	Diversidade funcional e discapacidade	34	14,8
	Xerontoloxía	34	14,8
	Educación de persoas adultas	28	12,2
	Migración e interculturalidade	25	10,9
	Senfogarismo	9	3,9
	Prisións	1	0,4
Temas transversais	Igualdade	28	12,2
	Saúde mental	27	11,7
	Adicións	16	7,0
	Educación para a saúde	14	6,1
	Diversidade sexual	8	3,5
	Educación ambiental	6	2,6

Algúns destes tamén foron contidos destacados como temas transversais aos ámbitos tradicionais da profesión, considerando que cuestións como a igualdade ou as adicións poden abordarse no marco do traballo con diversos colectivos:


Tener un ámbito de mayores, menores, eso es una cosa y luego que dentro de la materia se traten esos puntos y se insista mucho [en ellos] como transversales. (...) Qué hacer con mayores para la igualdad. (...), cada grupo de personas tiene sus características, aunque después se entremezclen (...) puede haber una persona mayor, drogodependiente... Entonces, bueno, se entremezcla todo. (GDC4)

Traballo nun centro e podo ter una rapaza con discapacidade, teño a persoas migrantes non acompañadas, consumos, menores con experiencias de reforma. Me refiro, ao final está todo moi mesturado. (GDS3)

Resultan especialmente interesante a análise agrupada coa pregunta que explora os ámbitos de exercicio profesional no pasado (Figura 3), xa que permite apreciar o peso no sector de cada un deles atendendo á vinculación nalgún momento da traxectoria profesional.

Figura 3

Ámbitos pasados e actuais de exercicio profesional



Os datos informan (Táboa 3) da relevancia histórica e actual dos ámbitos de “infancia e adolescencia”, “familia” e “mocidade”. Pero tamén do cambio de ciclo dos de “desenvolvemento comunitario”, “lecer e tempo libre” e “animación e xestión

cultural”, con importante relevancia no pasado, pero con escasa presenza nas ocupacións actuais. De feito, son tamén escasas as alusións a estes ámbitos nos discursos dos grupos de discusión, que se centran máis en “educación permanente”, “discapacidade” e “drogodependencias”, como ámbitos tradicionais, e “menores e igualdade”, “servizos de atención a maiores”, “migrantes”, “educación sexual” e “TICs” como ámbitos emerxentes. Pode deducirse que, ou ben son eidos nos que as persoas se inician profesionalmente, ou que están a perder relevancia no exercicio da educación social.

Táboa 3

Ámbitos pasados e actuais de exercicio profesional

	Ámbitos	Actuais (N)	Pasados (N)	Total (N)	%
Contextos	Desenvolvemento comunitario	20	99	119	51,7
	Servizos sociais comunitarios	52	28	80	34,8
	Lecer e tempo libre	14	44	58	25,2
	Animación e xestión cultural	13	36	49	21,3
	Formación e orientación laboral	29	20	49	21,3
	Sistema escolar	16	9	25	10,9
	Cooperación ao desenvolvemento	4	4	8	3,5
Colectivos	Infancia e adolescencia	81	69	150	65,2
	Mocidade	49	41	90	39,1
	Intervención socioed. con familias	52	35	87	37,8
	Xerontoloxía	34	37	71	30,9
	Diversidade funcional e discapacidade	34	35	69	30,0
	Educación de persoas adultas	28	34	62	27,0
	Migración e interculturalidade	25	12	37	16,1
	Senfogarismo	9	11	20	8,7
Prisións	1	13	14	6,1	
Temas transversais	Igualdade	28	19	47	20,4
	Saúde mental	27	11	38	16,5
	Adicións	16	21	37	16,1
	Educación para a saúde	14	13	27	11,7
	Educación ambiental	6	12	18	7,8
	Diversidade sexual	8	4	12	5,2

A vinculación profesional non se realiza de forma exclusiva a un único ámbito. A maioría das educadoras e educadores sociais se identifican de forma simultánea con


varios e transitan entre ámbitos moi diversos ao longo da súa traxectoria (Figura 4). Isto pode deberse á amplitude e diversidade do perfil profesional do/a educador/a social e tamén ao carácter subsidiario que se lle atribúe á profesión, tal e como se reflicte nos comentarios dos grupos de discusión:

Onde temos cabida? Eu creo que a base é que onde se precise Educación Social, imos seguir estando e é importante que esteamos. (...) Todos os campos nos que estamos nós e nos que acabas de nomear, eu creo que collemos en todos. (GDC1)

A vós non vos deu algunha vez a sensación de que en Educación social estabades como nunha formación ou nunha profesión subsidiaria?. (GDS6)

Figura 4

Ámbitos de acción profesional actual e pasada (N)



Só o 13% exerceu profesionalmente sempre no mesmo eido, un 23,5% en dous, pero un 63,5% exerceu ou exerce profesionalmente en tres ou máis. Hai que ter en conta que algúns dos ámbitos se definen por contextos (por exemplo, servizos sociais comunitarios), outros por colectivos (por exemplo, mocidade) e outros por problemáticas (por exemplo, adicións), polo que o/a profesional que traballe impulsando un plan comunitario de prevención de consumo de drogas en mocidade seleccionaría, cando menos, tres dos ámbitos. Nos grupos de discusión atópanse referencias a esta transversalidade entre eidos que caracteriza a súa proxección profesional:

Fórmome un montón en educación para a cooperación ou mesmo en educación social escolar que me parece tamén un ámbito súper importante e onde os educadores e

educadoras sociais temos que estar xa de xa. Non me vai a chegar se non estudo cousas relacionadas con diversidade funcional, ou migracións ... porque ti logo chegas a unha aula e o perfil de alumnado é cada vez máis diverso. E diversidade te atopas de todo tipo e tamén de cuestións de enfermidade mental e así... e tes que saber un pouco de todo ¿non? E estar ao tanto do que está pasando no mundo e saber adaptar o teu traballo ao contexto no que fas. (GDC3)

Competencias no exercicio profesional

A fin de avaliar a importancia concedida no exercicio profesional ás diversas **competencias** requiridas ás educadoras e educadores sociais, presentouse no cuestionario unha escala de valoración con cinco posibilidades (de 1 moi baixa a 5 moi alta). Os resultados amósanse na Táboa 4 onde se indican por orde de importancia concedida, a puntuación media obtida por cada competencia, así como a desviación típica (DT).

Táboa 4

Grao de importancia das competencias no exercicio profesional

Competencias	Media	DT
Competencias comunicativas e interpersoais	4,18	1,02
Elaboración de informes técnicos, memorias, regulamentos ou outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa	4,16	0,98
Competencias asociadas ao traballo directo de acompañamento, mediación, xeración de redes e promoción da cultura	3,97	1,10
Actitude autocrítica, así como de reflexión, análise e aprendizaxe permanente	3,97	1,11
Planificación, xestión e avaliación de programas e accións socioeducativas	3,90	1,07
Capacidade de axuste da práctica profesional ás esixencias e compromisos deontolóxicos da educación social	3,76	1,17
Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos	3,63	1,20
Total	3,93	0,85

As e os profesionais da mostra conceden un grao de importancia medio-alto ao conxunto de competencias profesionais (Media = 3,93), sendo particularmente destacables, cunha media superior a 4 puntos, as “comunicativas e interpersoais”

(53,3% en valor 5) e a “elaboración de documentos básicos de regulación da acción socioeducativa” (49,7% en valor 5).

Competencias básicas, aprendín moitísimo, aprendín a programar, a traballar en equipo, a falar en público, a debater (...). (GDS3)

Eu creo que saímos con esa base e despois, pois te especializas niso porque ser orientador non é un técnico de cultura. (GDC1)

Algúns persoas informantes refírense a importancia de dispor competencias xenéricas, que se desenvolven durante o exercicio profesional:

Non só que características teñen [os colectivos], senón levar a cabo máis proxectos (...). (GDC4)

[Competencias relacionadas coa] burocracia que é importante tamén para o noso traballo, é cada vez máis por desgracia. (GDC1)

Como facer un proxecto individualizado cunha persoa, como redactalo ben; como facer unha derivación dun servizo a outro; este tipo de cousas non nolas ensinan, as aprendes no campo (GDC4).

O promedio de variabilidade das respostas respecto á media, oscila entre un mínimo de 0,98 (“elaboración de informes...”) e un máximo de 1,20 (“coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos”), indicativo da homoxeneidade nas respostas. Non se aprecian diferenzas estatisticamente significativas nesta valoración nin en función dos anos de experiencia (Táboa 5), nin do posto de traballo desempeñado.

Cómpre salientar que obtén a menor valoración a competencia que é base para o desenvolvemento do exercicio profesional: a de “análise e investigación dos contextos sociais e educativos”, cunha media de 3,63 e unha valoración de 5 por parte de só un terzo da mostra (30,6%). O coñecemento directo das realidades, a reflexión, interpretación e sistematización desta indagación, son o fundamento da acción socioeducativa crítica. Tal e como apuntan as informantes:

Valoro positivamente esa forma de ver as cousas, de plantearse, cuestionarse as cousas, eu non teño queixa nese sentido, todo o contrario. É dicir, creo que marcou moito o que fun implementando despois. (GDS6)

Creo que o máis importante é que sacamos unha conciencia crítica diferente da que nós traemos das casas. Entón, é unha formación de partida bastante boa. (GDC4)

Si que é certo que sacas unha base crítica (...) [na que apoiarte] segundo o mundo que che toque. Porque estiven en autismo, estiven en maiores, estiven no mundo da cultura... Si que é certo que tes unha base crítica, tes uns valores, que sabes un pouquiño de onde partir. (GDC1)

Ás opcións sinaladas cabería engadir o auto-coidado profesional (intelixencia emocional, xestións das emocións, do estrés), sinalado nas preguntas abertas e tamén nos grupos de discusión:

Para poder atender bien a las personas, tenemos que saber protegernos nosotros también de todas esas emociones, saber gestionarlas, y es algo que sigo viendo en el ámbito profesional. Que sepas que esa persona necesita de ti, de lo que tú puedas aportarle, y que no le puedas dar respuesta, porque en realidad [no la tienes]. Y ¿qué hacemos?, después te lo llevas a casa. (GDC3)

Entón, hai que traballar no auto-coidado, na xestión do estrés. Non [só] traballar os conflitos dos demais, resolver os conflitos propios, inherentes á profesión. (GDS2)

Como se observa na Táboa 5, a valoración das competencias incrementase coa experiencia profesional.

Táboa 5

Valoración de competencias, segundo anos de experiencia

Anos de experiencia	N	Media
Menos de 3	40	3,89
De 3 a 5	45	3,94
De 6 a 10	44	3,75
De 11 a 15	29	4,11
De 16 a 20	35	4,08
Máis de 20	38	3,92
Total	231	3,93

Funcións desenvolvidas

Preguntada arredor das principais funcións que as e os profesionais desenvolven habitualmente no exercicio profesional, a mostra ofreceu un amplo repertorio de respostas que se presentan organizadas en catorce categorías (Táboa 6), agrupadas

segundo fagan referencia ao traballo socioeducativo directo ou a aquelas funcións de planificación, coordinación e xestión. Preséntanse de maior a menor frecuencia de resposta, amosando os datos a relevancia de ambas dimensións na profesión da Educación Social.

Táboa 6

Principais funcións desenvolvidas no exercicio profesional

Función desempeñada		N	%
Acción socioeducativa directa	Intervención socioeducativa (individual/grupal)	75	32,5
	Acompañamento socioeducativo	62	26,8
	Asesoramento, orientación e información	27	11,7
	Docencia/Formación	23	10,0
	Mediación	16	6,9
	Intervención comunitaria	15	6,5
	Apoio emocional	3	1,3
Planificación, coordinación e xestión	Deseño, coordinación e avaliación de programas e proxectos	71	30,7
	Elaboración de informes (proxectos individualizados: PEI, PAI...)	37	16,0
	Xestión burocrática (subvencións, solicitudes...)	25	10,8
	Traballo en rede	30	13,0
	Coordinación e xestión de programas	8	3,5
	Coordinación e xestión de equipos	12	5,2
	Dirección de centros/recursos	5	2,2

A pregunta sobre as funcións desempeñadas formulouse de forma aberta, procedendo a unha posterior recategorización. Na mesma, buscouse respectar a terminoloxía empregada polas persoas, sendo conscientes de que a categoría “intervención socioeducativa (individual/grupal)” é un termo xenérico que na súa práctica se concreta no resto de funcións de acción socioeducativa directa nomeadas.

Ao respecto deste tema, nos grupos de discusión manifestouse a dificultade de identificar as funcións específicas da educación social, tanto pola indefinición do labor nos espazos compartidos con outras profesións, pola amplitude dos ámbitos de actuación e pola falta de recoñecemento da especificidade profesional por parte das entidades empregadoras:

Que está como desdibuxada, emborronada, a educación social. Un traballo 'muleta', o que dicíamos, pode ser traballador, como podes ser educador e tamén, si, eu si que vexo un camiño claramente definido do que é un educador ou o que é un traballador, do que é un terapeuta. Os que o teñen que saber son os que nos van a contratar. Ese é o problema, ese é o problema. E eu pregunto: 'en que traballa un educador social?' E que non só traballa en ámbitos, e que traballa coa comunidade e que traballa coa sociedade para que saiba certos valores e aí é onde estamos. Entón, é un pouco difícil de debuxar, pero eu si que teño claro o que son as nosas funcións. (GDC4)

Eu creo que saímos de aquí [da formación inicial] a maioría –que ao mellor agora non ésen saber exactamente o que era a educación social, un educador social e para que valía. Era como 'valemos para todo e non valemos para nada' (...). Somos os que estamos formados cun pouco de todo, entón, é como iso, ti colles o primeiro paso e logo tes que saber si hai que derivar, ou o que terás que facer; pero é como un primeiro 'apagafuegos' do social. (GDC1)

Entre trabajadores y educadores sociales es difícil a veces diferenciar, porque yo creo que esa teoría de que el trabajo es más burocracia, educación social es más de calle, creo que es algo completamente desdibujado. ¡Que no es así! O sea, un trabajador social también trabaja en intervención directa y nosotros trabajamos en despachos, porque eso es así. Entonces, quizás, es más a nivel formativo donde se tienen que plasmar esas diferencias para que luego se apliquen a la realidad laboral. No sé, esa es mi perspectiva, porque de verdad que veo constantemente ofertas de empleo que piden distintos perfiles para el mismo puesto. (GDC2)

SITUACIÓN LABORAL

Cando exploramos a situación laboral das profesionais dun campo, un dos indicadores máis relevantes é o índice de desemprego. Ante a ausencia dun indicador que englobe ao conxunto das e dos titulados en Educación Social, tomamos como referencia os datos ofrecidos polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia que cifra en 956 as persoas colexiadas, das cales 68 están desempregadas, supoñendo un 7,1%. Esta porcentaxe é inferior á taxa xeral de desemprego en España, que está no 12,29% (INE, 2024), ou en Galicia, situada nun 10,5% (IGE, 2024). Nos grupos de discusión apóiase esta situación, matizando as dificultades de obter o primeiro emprego:

Eu o que dicía é que a situación non é boa, as condicións non son boas, pero agora mesmo da miña 'pandilla' da carreira estamos traballando todas, por exemplo, que me


parece como un indicador. No contrato, probablemente non pon educadora, ao mellor pon técnico de educación diúrna, a iso me refiro, pero antes ao mellor nin encontrabas traballo, a iso vou. (GDS3)

Sabes cal é o problema? Que ao final se non nos dan a oportunidade de coller experiencia nun sitio... quero dicir, isto ao mellor non ten moito que ver. A min me pasa que como educadora social, que vou perdendo... O síndrome do impostor téño todo o rato. Porque, ao final, se todas as empresas me din 'Como ti non tes experiencia nisto ou no outro, non serves. Non te contrato'. Agora estou mirando un posto para menores, pero como non traballei en menores nunca, non che dan a oportunidade, entón ao final terminas dicindo: 'vale entón, que sei facer?' Eu non sabería intervir en medio aberto con persoas con drogodependencia. Pois resulta que déronme unha oportunidade e si que sei, son moi capaz. (GDC4)

A enquisa realizada recolle só datos de educadoras e educadores sociais en activo, ou que estiveran traballando nos cinco últimos anos. Non se obtiveron datos daquelas persoas desempregadas de longa duración, das que dende hai anos están empregadas noutro sector ou das que non chegaron a exercer profesionalmente neste eido. Deste modo, amosa un retrato da situación laboral das persoas en exercicio.

A mostra recolle unha gran diversidade no que a anos de experiencia laboral se refire (Figura 5), cunha representación equilibrada por intervalos de idade, o que permite explorar as condicións laborais en cada etapa profesional.

Figura 5
Anos de experiencia laboral na Educación Social



Exercicio profesional e denominación do posto de traballo

Os datos sobre o **tipo de entidade na que exercen profesionalmente** (Táboa 7) amosa que o terceiro sector é o ámbito que agrupa a máis profesionais, xa que un 37,7% da mostra exerce neste eido. Séguelle a administración pública cun 36,8%, preferentemente na administración pública local (26,4%), fronte á autonómica (9,1%) ou a provincial (1,3%). Un 28,2% exerce no sector privado, ben na empresa (24,7%) ou como cooperativista ou autónomo/a (3,5%).

Táboa 7

Entidade na que exerce profesionalmente

Entidades	N	%
Administración pública autonómica	21	9,1
Administración pública provincial	3	1,3
Administración pública local	61	26,4
Terceiro Sector	87	37,7
Empresa privada	57	24,7
Cooperativa/autoemprego	8	3,5
Total	237*	102,7

* Nota: Un 2,7% da mostra exerce en dous eidos á vez, na maioría dos casos combinando o terceiro sector coa empresa privada.

Dos datos referidos á **denominación do posto de traballo** (Táboa 8), nun 46,3% o contrato é de educador/a social e un 34,7% axústase a outras denominacións afíns (educación familiar, educación ambiental, orientación laboral, emprego...). Un 7,4% ten unha denominación vinculada a postos de responsabilidade, coordinación de programas, equipos e recursos. Resulta preocupante o 4,8% que está contratado como auxiliar técnico, coidador/a ou monitor/a, por debaixo da súa categoría profesional. A opinión nos grupos de discusión dá conta desta diversidade nos postos de traballo, se ben se apunta a unha certa mellora no recoñecemento na Administración pública:

Creo que se tiveramos un nome todos, en vez de ser técnico de, técnica de cultura, e fósemos todos educadores sociais, seguro que estabamos máis valorados. Porque na educación pura, á educación social déixalle pouco sitio (...) creo que debemos defender a figura de educador social como tal, como xenérico. Un educador social no colexio, un educador social nos tribunais de menores, un educador social pois en moitas cousas, pero tamén saber que vai existir esa figura que é un educador social en postos máis específicos: técnico de cooperación, técnico de non sei que. (GDC1)

Mi percepción a lo largo de estos años es que cada vez se nos valora más y cada vez hay más presencia social. Yo cuando estudié, no había oposiciones de educación social. Hasta hace nada, no existían oposiciones para la educación social. O sea, ahora sí que existen, aunque todavía creo que hay que trabajar mucho en ello porque si que llaman 'técnicas de no se qué'. Poco he visto de 'OPE para educación social', o sea, que pidan educadores sociales o educadoras sociales específicamente, pero bueno. Acabo de ver hace nada en la Xunta de Galicia. En la Xunta de Galicia ya piden educadores y educadoras sociales, en el Concello de Oleiros, y yo creo que eso no existía antes. Por eso, mi percepción es que cada vez estamos más presentes. (GDC3)

Táboa 8

Denominación do posto de traballo no contrato laboral

Denominación do posto	N	%
Educador/a social	107	46,3
Educador/a (familiar, ambiental...)	42	18,2
Animador/a sociocultural	2	0,9
Orientador/a (laboral, educativo...)	6	2,6
Técnico/a	30	13,0
Coordinador/a equipos, programas, recursos	17	7,4
Auxiliar técnico, coidador/a, monitor/a	11	4,8
Docente, formador/a	6	2,6
Outros	9	3,9
n/c	1	0,4
Total	231	100

As diferenzas por franxas de idade non son significativas, pero nos contratos inferiores á categoría profesional (auxiliar técnico, coidador/a ou monitor/a), a xente nova, de entre 21 e 31 anos, representa un 10,2%, mentres que noutros grupos de idade a representación é moi baixa ou nula, amosando como o recoñecemento profesional se vincula a unha maior traxectoria. Resulta curioso, contrastando co anterior, que a porcentaxe de persoas que responden ao contrato de coordinador/a de equipos, programas, recursos é moi similar nas diferentes franxas de idade (Táboa 9) polo que, máis alá dos anos de servizo, pode ser mostra do recoñecemento da profesión no espazo laboral.

Táboa 9

% de profesionais en cada tramo de idade segundo denominación do posto de traballo

Denominación do posto	Tramos de idade (%)			
	21 a 31	32 a 42	43 a 53	54 a 65
Educador/a social	47,5	53,2	38,1	35,7
Educador/a (familiar, ambiental...)	8,5	18,1	22,2	42,9
Animador/a sociocultural	0,0	2,1	0,0	0,0
Orientador/a (laboral, educativo...)	0,0	2,1	6,3	0,0
Técnico/a	18,6	9,6	11,1	21,4
Coordinac. equipos, programas, recursos	8,5	6,4	9,5	0,0
Auxiliar técnico, coidador/a, monitor/a	10,2	3,2	3,2	0,0
Docente, formador/a	1,7	2,1	4,8	0,0
Outros	5,1	3,2	4,8	0,0
Total	100	100	100	100

Condicións do emprego

No que á **xornada laboral** se refire, o 78,2% das persoas enquisadas traballa a tempo completo, fronte a un 21,8% que o fai a tempo parcial.

Nos contratos a tempo parcial (n=49), a media de horas semanais está nas 24,17. A maioría delas (69,4%) sitúanse nunha xornada laboral de entre 20 e 30 horas -a metade ou tres cuartas partes da completa-, mentres que un 20,4% só traballa entre 5 e 19 horas semanais (Táboa 10). Esta situación de baixa intensidade de emprego debida á falta de oportunidades laborais adecuadas, dificilmente permitirá atender ao benestar económico da persoa traballadora de non contar con outra fonte de ingresos.

Táboa 10

Horas de contrato nas xornadas a tempo parcial

Intervalos de horas	N	%
De 5 a 19 horas	10	20,4
De 20 a 30 horas	34	69,4
De 30,50 a 38 horas	5	10,2
Total	49	100

Non se amosan diferenzas significativas en función da idade, aínda que os datos volven evidenciar esa maior precariedade laboral das persoas máis novas (Táboa

11), sendo que a maior idade redúcese a porcentaxe de persoas contratadas con xornada a tempo parcial. Como apuntan algúns dos e das informantes:

Nos primeiros anos no sector, igual somos máis precarios aínda, porque abusan desa falta de experiencia e si que é unha realidade que se contrate ao persoal por unhas categorías profesionais pois, ao mellor A3 ou A4, cando lle corresponde A1 ou A2 a nivel de convenio de intervención ¿non? Ou do convenio no que estean adscritas, dependendo da súa entidade. Pero iso, unha das miñas compañeiras de promoción estaba nun centro de menores contratada coa categoría de conserxe e persoal de limpeza. Home, que esteas de auxiliar educativo, vale, que xa non é moi tal... pero poñela a ese nivel creo que é bastante denigrante incluso. Sen menosprezar esas profesións. (GDC2)

Cando chegas a determinada idade e cuns determinados perfís xa necesitas estabilidade. Que pasa, que agora mesmo a xeración que estamos chegando aí, resulta que esa precariedade non se solucionou cos anos. O sistema, aos educadores e educadoras socias [reitéranos que] “non pasa nada, isto é agora mentres non tes experiencia”, pero cando chegas e tes 20 anos de experiencia segues igual, segues igual e isto é un problema moi grave da profesión. (...) Nas outras profesións, (...) que teñen unha saída moi clara cara ao funcionariado -como o tema do traballo social, que ten moitas prazas-, digamos que a xente cando leva moitos anos, aínda vai gañando puntos e de presentarse pode estabilizar, pero as nosas oportunidades a nivel de administración son ‘contaditas’. Hai que pelexar (GDS6).

Táboa 11

% de persoas en cada tramo de idade segundo tipo de xornada

Tipo de xornada	Tramos de idade			
	21 a 31	32 a 42	43 a 53	54 a 65
A tempo completo	74,6%	75,3%	82,5%	92,9%
A tempo parcial	25,4%	24,7%	17,5%	7,1%
Total	100%	100%	100%	100%

Ao cruzar cos anos de experiencia laboral, obsérvase tamén unha correlación entre as dúas variables ($r = 2.38$, $p < 0.01$), que evidencia que as persoas con máis experiencia profesional na educación social ocupan en maior medida postos a tempo completo, como cabería esperar.

No que se refire ao **tipo de contrato** (Táboa 12), a maior parte da mostra (70,1%) conta coas modalidades contractuais máis estables: laboral fixo indefinido (58,9%) e funcionario (11,3%). Un 20,3% da mostra está con contratos temporais, incluíndo nestes os de inserción de demandantes de emprego, como os do Programa de Cooperación da Xunta de Galicia.

Táboa 12

Modalidade de contrato

Modalidade contractual	N	%
Funcionario/a	26	11,3
Interino/a	9	3,9
Laboral fixo/indefinido	136	58,9
Laboral fixo discontinuo	2	0,9
Laboral temporal	36	15,6
Contrato inserción demandantes emprego (Coopera/outras)	11	4,8
Autónomo/a	9	3,9
Outras	2	0,9
Total	231	100

Respecto ás **condicións salariais** (Figura 6), un 74,3% percibe un salario bruto superior aos 1400 euros, sendo a opción máis marcada entre 1401 e 1700 euros. Aínda así, a porcentaxe de persoas que cobran cantidades próximas ao salario mínimo (actualmente en 1134€) continúa a ser moi destacada (24%). Tamén aluden a este aspecto nos grupos de discusión, apuntando que:


Moi mal valorados e moi mal pagados, evidentemente. Despois, nos mesmos, 'que si facemos horas de máis, que si nos matamos e sempre poñemos un plus ao noso posto de traballo' e que, ao mellor, non axuda á hora de valorar. Tamén o digo, porque eu teño compañeiros que se dedicaron a firmar e estar no despacho, e teñen máis valor que ao mellor eu que digo 'bueno, voulles abrir eu, porque miñas pobres, as señoras, que senón non poden entrar e facer o seu xogo de cartas'. (GDC1)

Parece que un salario medio para un educador social xa sexa un traballo alto, cando somos unha profesión como outra calquera e neste sentido parece que ata nós mesmos e nós mesmas nos auto-solemos cando temos un salario medianamente... Pois, iso, que probablemente non chegue nin á media do conxunto dos traballadores e das traballadoras. (GDC2)

É así de claro. É dicir, temos a maior diferenza en canto a oferta pública que hai, é dicir, os soldos é descomunal (...) Pero esta é a realidade dos educadores sociais, esta é a nosa realidade. É a precariedade como realidade. (GDS6)

Figura 6

Nivel salarial. Ingresos brutos ao mes



Existen claras diferenzas salariais en función da entidade contratante. As persoas empregadas na Administración son as que contribúen a unha mellor imaxe salarial do sector, onde a ampla maioría cobra por riba dos 1400€ mensuais, e un 44% percibe máis de 1700€. Aínda así, unha das informantes, traballadora do sector público, comenta a diferenza que segue a existir respecto a outros perfís profesionais:

No Concello estamos todos por un concurso da OPE, dun proceso de estabilización e está todo moi concentrado. Ao grupo A2, pois somos todos os técnicos. Falamos do aparelador, falamos da traballadora social, falamos da [técnica] de emprego, falamos de... como todo o mundo sabe o que é o [técnico] de emprego, e todo o mundo sabe o que é a traballadora social porque leva 100 anos a profesión... cobran 500 euros de media máis ca min e é o mesmo rango, pero cobran 500 euros máis. (GDC1)

En cambio, máis da metade das persoas empregadas no terceiro sector ou na empresa privada, un 52,8% e un 54,4% respectivamente, non supera os 1400€ de salario bruto mensual (ao que aínda hai que aplicar os descontos da seguridade social e impostos), dato moi preocupante e inadmisíble (Táboa 13).

Táboa 13

Representación das diferentes franxas salariais por eidos. Soldo bruto mensual

Soldo bruto mensual en €	Admón. %	Terceiro sector %	Empresa privada %	Autónomo %
Menos de 500	---	2,3	8,77	---
Entre 501 e 800	---	4,6	3,51	12,5
Entre 801 e 1100	4	10,34	12,28	0
Entre 1101 e 1400	12	35,63	29,82	25
Entre 1401 e 1700	40	29,89	29,82	25
Entre 1701 e 2000	22	11,49	14,04	25
Máis de 2000	22	5,75	1,75	12,5
Total	100	100	100	100

Valoración da satisfacción profesional

Un 78,8% das persoas enquisadas valora a **satisfacción co seu traballo** como aceptable, alta ou moi alta (Figura 7). A moda sitúase na valoración alta, cun 35,1%, seguida da aceptable, cun 33,8%. Nesta mesma liña, nos grupos de discusión apúntase que se trata dunha profesión claramente vocacional, pola que senten un forte compromiso que lles leva a atoparse satisfeitos/as co seu traballo:


Se non cobras nada, se non tes recoñecemento profesional... se non estiveras a gusto... E que a verdade é que parecemos, non sei, altruístas. Eu estou encantada porque a xente eu sei que me quere, que respecta o meu traballo. Fano porque ven que traballas e lle axudas, que lle resolves e valórate a ti como persoa, non como educadora social. Non lle vas explicar ti, 'vale, pero que saibas que son educadora social'. (GDC1)

Yo creo que al final le dedicamos todas las horas que le dedicamos, porque eso es lo que nos motiva, lo que nos tira para delante. En esos momentos de frustración, nuestro motor es ese, que nos gusta lo que hacemos. (GDC3)

Pero é que iso tamén depende da situación, hai un concepto que temos na cabeza, dicías ti antes que os educadores sociais, educadoras, eramos todos xenerosos e xenerosas e demais. E hai outra historia [asumida], que os educadores e educadoras son todos novos. Tamén este es un concepto que hai, fíxome gracia o que dixeches ti antes, unha carreira nova... levamos 30 anos!. (GDS6)

Figura 7

Valoración do nivel de satisfacción coa situación laboral actual



Non se observan diferenzas significativas nestas valoracións en función das variables xénero e idade, pero si en función do tipo de contrato ($r = 1,80, p = 0,06$). Como cabería esperar, aquelas persoas con contrato a tempo completo están máis satisfeitas co traballo.

A categorización das respostas abertas, explicativas dos motivos das súas valoracións, permite apreciar que o factor que máis incide no grao de satisfacción coa situación laboral son as condicións do emprego, fronte a outras vinculadas co desempeño profesional. Débese ter en conta tamén que a resposta a esta pregunta pode sufrir o chamado *efecto de orde*, é dicir, estar condicionada polo feito de que nas preguntas anteriores se lles preguntaba por aspectos asociados ás condicións do emprego (contrato, salario, xornada...). En calquera caso, é relevante destacar que o 42,9% da mostra alude a condicións laborais precarias como motivo de insatisfacción, e un 25,1% o fai á inversa, para indicar que as boas condicións do seu emprego reverten na satisfacción percibida. Cabe destacar os sentimentos positivos que suscita o desempeño profesional como educadores/as sociais:

La verdad es que es mi única experiencia como educadora social y estoy feliz. Me encanta lo que hago. La verdad me siento afortunada. (GDC3)

Táboa 14*Satisfacción laboral. Argumentos que apoian as valoracións positivas e negativas*

Criterios de valoración	Valoracións positivas		Valoracións negativas	
	N	%	N	%
Condicións do emprego	58	25,11	99	42,9
Recoñecemento e desenvolvemento profesional	8	3,46	19	8,2
Funcións desempeñadas, axuste ao perfil, carga de traballo	9	3,90	37	16
Autonomía e coherencia no desempeño profesional	9	3,90	1	0,4
Dimensión emocional	1	0,43	6	2,6
Clima e relacións laborais, traballo en equipo	19	8,23	7	3
Gusto pola profesión e o traballo desempeñado	12	5,19	6	2,6
Marco institucional, políticas públicas, recursos	2	0,90	14	6,1
Total	118	51,08	189	81,8

Algunhas das valoracións negativas fan referencia á inestabilidade do posto, á contratación por debaixo da categoría profesional, á dificultade para acceder a un salario minimamente aceptable, a xornadas laborais excesivamente extensas, ao feito de ter que dedicar horas fóra da xornada á preparación do traballo, á esixencia de dispoñibilidade e de flexibilidade nos horarios que se pide para o posto, ás dificultades de conciliación laboral, e á falta de oportunidades laborais no acceso ao emprego ou na consolidación do mesmo.

O primeiro de todo é o soldo, (...) o concepto que teñen de nós como profesionais [as entidades sen ánimo de lucro] é terrible, pouco menos que teríamos nós que pagar por ter o privilexio de poder manifestar e facer iso “que nos gusta tanto, eso que tanto nos llena el corazón, porque somos buenísimas personas”, pero el sueldo nunca sube (GDS6).

A día de hoxe seguimos cuns convenios lamentables, unha carga emocional tremendísima, non se respectan os tempos que noutras profesións si se respectan. Non pode ser que asumamos as horas todas que asumimos coas cargas que temos. (GDV1)

Nós mesmos, moitas veces, contribuímos a que ese imaxinario social siga así porque ás veces facemos... eu por exemplo levo sen facer o meu rexistro horario desde marzo porque é que non me vale para nada, porque para mentir... É dicir, fago moitas máis horas das que son, pero tamén ninguén me obriga, pero... ata onde chega o meu labor e onde

empeza o meu activismo?. Estás facendo un traballo con persoas, un traballo que ás veces involucrate moito máis tempo do que tes, e entón tes que dedicar máis tempo e ás veces falo, pois con ganas, con enerxía, e iso, pero sabendo que non é algo que teñas que facer, e que nun traballo calquera non o estarías facendo. (GDC2)

Eu creo que é porque non se dá valor. Non se dá valor. Quen che manda a ti facer horas de máis? Quen che di que tes ir ás casas? Supervisar as casas? Eu terei que ver se está todo en orde, terei que ver se os papás están contentos. Pero ninguén che manda ir a facer todas esas cousas, pero é que eu teño que ir, senón despois como fago a avaliación e como me responsabilizo. E, non, non, non o entenden. (GDC2)

Incluso algunhas das valoracións positivas empregan argumentos comparativos negativos, mostra clara das condicións do emprego neste campo. Nas preguntas abertas do cuestionario recóllese ao respecto:

Estou contenta porque son consciente de que hai situacións moito peores.

Estou bastante satisfeita polo feito de que é difícil encontrar na nosa profesión un posto de traballo con horarios máis ou menos estables e relativamente ben remunerado.

Despois de 20 anos traballando, realizouse a consolidación do meu traballo.

Denuncia tamén un 8,2% da mostra a falta de recoñecemento da profesión nos espazos laborais nos que exercen. Afirmen non desenvolver funcións axustadas á identidade educativa da profesión, identificando a existencia de intrusismo profesional e a ausencia de límites ben definidos respecto a outras figuras profesionais, como a de monitor/a ou coidador/a, ou incluso a de traballador/a social. Unha visión que se reforza nas seguintes citas, obtidas das preguntas abertas do cuestionario:

Realizo numerosas funcións que non me corresponden compatibilizando coas que si me corresponden pero ás que, polo tanto, teño que restarlle tempo.

Exerzo funcións que corresponden máis ás do traballo social, habendo cabida para a educación social no equipo profesional, o cal desmotiva e produce un desaproveitamento de habilidades e capacidades.

Tamén perciben que aínda non se recoñece como debera o que a profesión achega ao ámbito social, nin pola cidadanía en xeral, nin nas equipas profesionais ou por parte das Administracións, o que revirte en que non se dote dos recursos necesarios para o exercicio laboral.

Outra cousa son os avances que se conseguen na profesión por insistencia nosa. Parece que un informe social non o podemos facer... pois facémolo socioeducativo. Os informes que no meu concello piden outras administracións sempre o fixeron as traballadoras sociais. Dixéronme que para facelo precisaba unha autorización do alcalde, pois pedina e deuma. Estounos facendo eu e ata o de agora sígoos facendo, pódolle socioeducativo. (GDV7)

Eu sempre pelexei na profesión e na vida, que eu non teño a esperanza de ser funcionaria, eu do que teño é a aspiración de estar ben remunerada e traballar no ámbito que me guste. Me refiro, non teño ningunha aspiración de ser funcionaria, con todos os meus respectos. Eu o que quero é facer un traballo de calidade no que se me pague polo traballo que fago. (GDS2)

Un 16% da mostra fai alusión ao descontento cos enfoques asistencialistas dende os que se traballa, que non favorecen a autonomía das persoas ou a abordaxe holística das realidades, “por veces anulamos ás persoas”. Fan alusión ao impacto da COVID, que supuxo un retroceso nos enfoques socioeducativos, “o único inconveniente é que dende a pandemia as miñas funcións cambiaron e aseméllanse máis ás dun monitor de taller ocupacional”. Un 6,1% da mostra amosa tamén o seu malestar coas políticas públicas, o desenvolvemento profesional nas diferentes Administracións, ou os marcos institucionais nos que desenvolven o seu traballo, non sempre acordes coa dignidade das persoas.

Así mesmo, identifícase como unha profesión dura que require de fortes competencias emocionais, onde non sempre se conta co recoñecemento e apoios precisos, non se coida á persoa traballadora, sófrese de sobrecarga de traballo sen tempo para os coidados ou, incluso, por veces exerceuse dentro de equipas profesionais que nin son coidadosas coas persoas nin promoven un bo clima relacional ou de traballo de equipo.

Por suposto, pero que é necesario seguir insistindo neste e nas competencias persoais, no bo trato e no auto-coidado. Porque somos profesionais que nos queimamos, que temos moitas baixas (...). (GDS2)

Algunhas profesionais perciben hostil o seu espazo laboral en varios aspectos, dende as condicións laborais, ao coidado emocional ou ás condicións de exercicio, apreciándose nos seus relatos nas preguntas abertas, maltrato institucional:

Os recursos para desenvolver a nosa profesión son limitados por parte das administracións públicas. Traballamos baixo un nivel de estrés alto, con realidades complexas e difíciles e sen ningún tipo de atención psicolóxica cara nós, o que fai que a sensación de esgotamento sexa cada vez maior. E cada vez máis, as administracións nos fan estar máis pendentes da área burocrática, o que resta tempo ás intervencións cas persoas.

La escasez de recursos, y el bajo interés que tiene la Consellería de Política Social, por el trabajo que se realiza con los menores y jóvenes sometidos a medidas judiciales. Que en ocasiones agravan las medidas a las que están sometidos, medidas en régimen semiabierto, se convierten en cerrado, caprichos de la dirección del centro. Internos con adicciones que no reciben el tratamiento adecuado por falta de recursos. Internos con problemas psiquiátricos no tratados adecuadamente o no derivados al recurso adecuado. Los centros se convierten en cajón para todo, y donde todo cabe. La escasa valoración que se hace de los profesionales, por parte de las direcciones de los centros y desde la propia Jefatura, y la Consellería, con unas condiciones laborales agravadas por los recortes y la pandemia. Con unos horarios en los que se trabaja los fines de semana y festivos sin las compensaciones, puesto que se eliminaron con la reforma laboral y no se compensó ni económicamente, ni con tiempo, al estar las plantillas infradotadas, e infravaloradas.

Como aspectos positivos, que reverten na súa satisfacción, indican de forma destacada as condicións do emprego, onde á parte das condicións salariais, “salarios dignos, condicións claras”, noméase en reiteradas ocasións a flexibilidade laboral e de conciliación:

Síntome cómoda coa equipa profesional e os valores da entidade. Desfruto do meu traballo. Creo que percibimos pouca compensación económica e que temos moito traballo, pero teño un bo horario de traballo e flexibilidade para conciliar cando meu peque está enfermo.

Algunha persoa apunta a que, debido á carga psicolóxica e emocional que supón a profesión, a xornada laboral non debería ser de 40 horas. Apréciase unha valoración moi positiva por parte de persoas que teñen bo salario con menos carga horaria.

Un 8,23% da mostra alude a factores relacionados co clima e relacións laborais. Destacan a importancia de poder traballar dentro de equipos interdisciplinares que se apoian e complementan, sentirse a gusto cos principios da entidade, “valóranme, apóíanme, escóitanme”, etc. Séguenlle as valoracións que fan alusión ao gusto pola

profesión e o traballo desempeñado, polo que implica ser educadora e educador social (5,2% da mostra). A autonomía, a coherencia cos seus valores e a posibilidade para impulsar proxectos propios son elementos tamén citados.

FORMACIÓN


Dáse conta neste epígrafe da formación inicial e a valoración do nivel de capacitación que lles achegou, así como da tipoloxía de actividades e contidos de formación continua realizadas polas educadoras e educadores sociais tras iniciarse na actividade laboral. Por outra parte, abórdanse as necesidades formativas, tanto desde o punto de vista temático, como en relación ás competencias precisas para un mellor desenvolvemento da actividade profesional.

Formación inicial

En relación á **titulación** cursada en Educación Social, predomina a Diplomatura (47,6%), sobre o Grao (38,4%). Un 8,7% indica contar coa habilitación e o 4,3% ten Diplomatura e Grao.

Figura 8


Titulación cursada en Educación Social



Respecto á **Universidade na que cursaron a titulación**, as tres universidades galegas (Universidade da Coruña-UDC, Universidade de Santiago-USC e Universidade de Vigo-UVigo) están representadas de forma equitativa no estudo realizado: o 30,9% cursou a súa formación inicial na UDC, o 30,9% na USC e o 29,5% na UVigo. Un 8,8% da mostra titulouse noutras universidades.

Figura 9

Universidade na que cursaron a titulación en Educación Social



No referido a **outras titulacións**, previo ou posterior a obter a de Educación Social, o 26% das persoas participantes conta con estudos de Formación Profesional, o 26% con outro título de Grao/Diplomatura ou Licenciatura, un 36,8% con titulación de Máster e un 2,2% de Doutoramento. Destacan dous aspectos: o acceso á titulación en ES de persoas que proceden de Ciclos Formativos, maioritariamente, Técnico/a superior en animación sociocultural e turística (7) e Técnico/a superior en integración social (7); e a incorporación nos últimos anos dos Graduados/as en ES ao nivel de Máster, predominando os seguintes: Formación de Profesorado en Educación Secundaria (16), Mocidade en desprotección e conflito social (13), Dependencia e discapacidade (11), e Igualdade, xénero e educación (7).

Cando se analiza a **valoración que realizan as/os profesionais en relación ao nivel de formación que lles aportaron os estudos universitarios** respecto a diversos ámbitos de intervención, aprécianse semellanzas entre as tres universidades galegas na valoración obtida nos ámbitos clásicos de actuación do educador/a social (educación especializada, animación sociocultural e educación de persoas adultas), sendo as puntuacións medias máis elevadas as referidas á “animación sociocultural”, “lecer”, “desenvolvemento comunitario”, “educación de persoas adultas”, “infancia e adolescencia”, e “mocidade”. Con carácter xeral, o promedio de variabilidade nas respostas en torno ao nivel de formación nos ámbitos de intervención analizados é baixo¹.

¹ As desviacións típicas sitúanse entre 0,85 e 1,31.

Claro, eu veño da Diplomatura, promoción 1997-2000. Entón si que co paso do tempo si que creo que houbo moitas materias que para min foron claves, o sea, que non te das conta cando es tan nova, porque no, non?, pero si que xeran un pouso e formación. (GDS2)

Trasladan nos grupos de discusión, a dificultade para definir os ámbitos fundamentais de formación dada a súa diversidade, a transversalidade entre os mesmos, e a propia evolución da profesión.

Entendendo tamén que a educación social é moi diversa e que non é posible afondar moitísimo dentro de carreira en cada ámbito. (GDC4)

Importante coñecer as bases da educación social, (...) para saber se realmente me gusta esta profesión e se me quero dedicar a isto, por moito que a profesión (...) está mudando aí fóra todos os días. (GDS2)

Tamén hai que ter en conta que podemos traballar en tantos ámbitos que é imposible na formación universitaria (...). (GDS3)

Se nos centramos nos *contextos* de intervención (Táboa 15), o nivel de formación acadado en relación aos ámbitos de “animación sociocultural/xestión cultural” e “lecer e tempo libre” son os máis valorados nas tres universidades. Pola contra, as puntuacións medias máis baixas refírense ao “ámbito escolar” e á “cooperación ao desenvolvemento”, podendo deberse -no caso desta última- á escasa ou nula presenza de contidos sobre a temática nos plans de estudo. Con respecto do ámbito escolar, indican que:

Los educadores sociales en la escuela, para mí deberían ser una materia específica. El educador social en la institución escolar. Cada vez hay más iniciativas a nivel estatal, si no me equivoco, creo que hay en 5 comunidades solamente educadores sociales en centros educativos y ese perfil, pero, es que es para nosotros, La educación social tiene que estar presente en los colegios, o sea, pues yo, para mí es una propuesta de formación específica dentro de la carrera. (GDC3)

No referido á escola, a UVigo conta cunha materia denominada “Educación social no sistema educativo” e a USC coa materia “Familia, escola e comunidade”, ambas de carácter obrigatorio. No caso da UDC, aínda que non se inclúa no plan de estudos unha materia específica, o contido escolar está presente en diversas materias

(Pedagogía Social, Historia da Educación, etc.). Neste sentido, debe advertirse que a valoración da formación recibida non ten unha correspondencia directa cunha materia concreta, senón coas aprendizaxes adquiridas sobre o ámbito de actuación ao longo do Grao.

Táboa 15

Estudos universitarios. Valoración do nivel de formación en contextos de intervención

Ámbito	UDC		USC		UVigo	
	Media	DT	Media	DT	Media	DT
Animación sociocultural e xestión cultural	3,27	1,02	3,00	1,16	2,88	0,95
Lecer e tempo libre	2,78	1,15	2,87	1,17	3,13	0,97
Desenvolvemento comunitario	2,76	1,07	2,94	1,10	2,27	1,04
Servizos sociais comunitarios	2,66	1,10	2,72	1,20	1,89	0,84
Formación e orientación laboral	2,63	1,19	2,45	1,18	2,34	1,0
Sistema escolar	2,07	1,11	1,94	0,95	1,70	0,81
Cooperación ao desenvolvemento	1,94	0,98	1,87	0,92	1,66	0,70

Táboa 16

Estudos universitarios. Valoración do nivel de formación en colectivos

Ámbito	UDC		USC		UVigo	
	Media	DT	Media	DT	Media	DT
Infancia e adolescencia	2,96	0,93	2,70	0,99	2,59	0,90
Educación de persoas adultas	2,76	1,07	2,36	1,07	2,45	0,89
Mocidade	2,67	1,04	2,43	0,91	2,42	0,91
Migración e interculturalidade	2,67	1,11	2,15	1,09	2,03	0,91
Xerontoloxía	2,61	1,13	2,07	1,02	2,55	1,07
Diversidade funcional e discapacidade	2,40	0,91	2,31	1,14	2,13	0,93
Intervención socioeducativa con familias	2,28	1,10	2,58	0,96	2,30	0,97
Senfogarismo	1,94	1,21	1,45	0,76	1,39	0,63
Prisións	1,66	0,96	1,52	0,79)	1,48	0,69

Se facemos alusión aos *colectivos* de acción socioeducativa (Táboa 16), destacan nas tres universidades os de “infancia e adolescencia”, “educación de persoas adultas” e “mocidade”; ámbitos tradicionais de actuación profesional da educadora e o educador social.

As persoas tituladas nas tres universidades galegas coinciden en outorgar unha valoración baixa ao nivel de formación que obtiveron en relación a “senfogarismo” e “prisións”, situación que pode explicarse por non ser estes ámbitos eixo central de ningunha das materias ofertadas no Grao en Educación Social nas tres universidades, figurando, en todo caso, como epígrafes de contido dentro doutras.

No referido ás *temáticas transversais* (Táboa 17), destacan as valoracións positivas nas tres universidades nos ámbitos de “igualdade” e “educación ambiental” que constitúen eixos transversais do quefacer profesional dos educadores/as sociais na actualidade, dado o consenso profesional existente na aplicación da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos de intervención e o escenario de emerxencia climática. As puntuacións máis baixas correspóndense coa formación obtida en “saúde mental”, unha temática ata agora ausente nos plans de estudo, que ten adquirido maior visibilidade social e profesional na última década. A este respecto indícase que:

Falta cultura xeral. Saber a diferenza entre unha discapacidade e un trastorno de saúde mental (...). É teoría. Ninguén di que non se dea teoría, ninguén di que se teña que especializar a todo o mundo. Pero que ao mellor temos que botar un pouquiño de tempo nestas cousiñas básicas que son cultura xeral hoxe en día, na práctica laboral nosa son cultura xeral. (GDS6)

Táboa 17

Estudios universitarios. Valoración do nivel de formación en temáticas transversais

Ámbito	UDC		USC		UVigo	
	Media	DT	Media	DT	Media	DT
Igualdade	3,33	1,27	2,03	1,06	2,75	1,26
Educación ambiental	2,52	1,05	2,52	1,16	2,16	0,91
Diversidade sexual	2,10	1,27	1,51	0,79	2,20	1,25
Adicións	2,09	1,14	2,16	1,10	2,80	0,98
Educación para a saúde	1,78	0,79	1,93	0,97	2,52	0,96
Saúde mental	1,66	0,77	1,72	0,90	1,70	0,10

En liñas xerais, a valoración respecto á formación obtida nos diversos ámbitos de intervención presenta diferenzas en función da universidade de referencia, podendo deberse á presenza/ausencia de contidos específicos nas guías docentes das materias dos tres plans de estudos (ver Anexo 4), así como á tipoloxía das mesmas (formación básica, obrigatoria ou optativa). A optatividade diversifica as traxectorias formativas dos/das estudantes e delimita o seu maior ou menor grao de inmersión en determinados ámbitos, pero tamén factores como o lugar de realización dos Prácticum pode influír nas percepcións diversas.

O Prácticum ten que ser moito máis relevante e moito máis serio na formación dun educador social. Moito máis serio, máis continuado no tempo. Eu estudei un ano fóra (...) e o Prácticum estaba organizado doutra maneira. Nós facíamos unhas horas á semana pero estabas un semestre enteiro na institución, isto te permitía desenvolver un proxecto, coñecer ben a institución, poder seguir un caso. (GDS3)

Formación continua

A participación en actividades de formación continua é moi destacada, sendo que practicamente a totalidade da mostra (95,5%) participa ou participou nas mesmas dende o inicio do desenvolvemento profesional. Cuestión na que inciden as e os informantes dos grupos de discusión:

Á túa teoría fáltalle calle, e o que non atopamos aquí creo que o atopamos fóra. A formación continua, especializada, fóra da facultade. (GDS4)

En relación aos **contextos, colectivos ou temas transversais** (Táboa 18) sobre os que se realizou a formación en servizo, pódese observar que os *colectivos* continúan a ser o polo máis atraínte das actividades formativas, congregando as porcentaxes máis altas de participación. E neles destaca, en gran medida, incluso no conxunto de contidos de formación, o de “infancia e adolescencia” (70%); unha porcentaxe que se ve incrementada ao ser a “intervención con familias” (54%) -que, en parte, incorpora ao anterior colectivo- a segunda opción máis seguida na formación en servizo.

Os *ámbitos transversais* son, en conxunto, o segundo eixo preferido de formación continua e, como se pode observar na Táboa 18, cunha forte orientación á “igualdade” tema sobre o que se formou o 70% da mostra, a máis de 25 puntos do

seguinte en concorrencia, “saúde mental” (44,6%). Esta preferencia temática é coherente con ser obxecto de traballo en calquera ámbito de inserción profesional e a ausencia de formación inicial específica sobre os mesmos.

Táboa 18

Contidos de formación recibidos en actividades de formación continua

	Contidos	%
Contextos	Lecer e tempo libre	46,4
	Servizos sociais comunitarios	36,2
	Animación sociocultural e xestión cultural	33,5
	Formación e orientación laboral	33,5
	Desenvolvemento comunitario	22,3
	Sistema escolar	20,5
	Cooperación ao desenvolvemento	11,2
Colectivos	Infancia e adolescencia	70,0
	Intervención socioeducativa con familias	54,0
	Mocidade	51,0
	Diversidade funcional e discapacidade	37,1
	Xerontoloxía	34,4
	Migración e interculturalidade	28,6
	Educación de persoas adultas	23,7
	Senfogarismo	7,1
	Prisións	4,5
Temas transversais	Igualdade	70,0
	Saúde mental	44,6
	Adicións	35,7
	Educación para a saúde	27,7
	Diversidade sexual	27,2
	Educación ambiental	17,9

Os *contextos* teñen, en xeral, menos reclamo na formación en servizo, con porcentaxes de participación inferiores á metade da mostra. Pódese indicar que son os máis abordados na formación inicial, dado que en liñas xerais conforman contidos que corresponden con materias obrigatorias (ver Anexo 2).

En conxunto, pódese salientar que, de todos os contidos indicados, os de menor participación con porcentaxes arredor do 20% da mostra son: “sistema escolar” (20,5%), “educación ambiental” (17,9%), “cooperación ao desenvolvemento”

(11,2%) “senfogarismo” (7,1%) e “prisións” (4,5%). Esta análise debería ter en conta o nivel de convocatoria de actividades formativas en cada un dos contidos sinalados. Non é o mesmo non acudir porque non interese que porque non haxa oferta ao respecto, ou saturación da oferta en determinado tipo de contidos.

Na opción aberta de resposta para sinalar outros contidos formativos, un pequeno grupo (11) sinalou outros temas e ámbitos tales como: “víctimas de trata”, “intervencións asistidas con animais”, “dereitos humanos”, “teatro social”, “xestión e coordinación de recursos humanos”, entre outros. Tamén cabe destacar que, nos grupos de discusión, moitos e moitas informantes referíronse á formación permanente en contidos transversais como “linguaxe administrativo en galego” (GDC1), “Excel y Access” (GDC3), “cursos de igualdade” (GDC3) o de “educación social sobre experiencias en América Latina de Educación Popular” (GDC2), así como en “competencias de lectura, escritura, informática e redes sociais”.

A min me gustaría que a universidade pública ofertara, creo que é unha gran demanda pendente, unha formación permanente de calidade. (GDS3)

[Formación] especializada e orientada á práctica. (GDS2)

Necesidades formativas

Neste epígrafe analízanse as necesidades formativas, tendo en consideración os ámbitos de intervención e as competencias profesionais das educadoras e dos educadores sociais, segundo o posto desempeñado e os anos de experiencia laboral. A nivel xeral, con relación a este aspecto, puntualizan que:

A miña experiencia era moito baseada no formal, no teórico, e no tocante á práctica, máis ben buscas ti formarte, non vou dicir desde 0 pero si desde 2. (GDC1)

Como educadora social, ao final como ti estás traballando cun contexto cambiante tes que adaptarte, iso está claro. (GDC3)

Necesidades formativas por ámbitos

En liñas xerais, como se amosa na Táboa 19, non se observan porcentaxes elevadas de demanda formativa no conxunto dos ámbitos. Exceptúanse a temática de “saúde mental” sinalada por máis da metade da mostra (59%). A maior visibilización desta problemática na pandemia e post-pandemia está, moi probablemente, detrás desta forte demanda. Tamén é relevante o interese en “intervención educativa con

familias” (45%), inda sendo un contido xa amplamente indicado como obxecto de formación en servizo. Certo que é un colectivo que focaliza a acción de boa parte do terceiro sector. Destacan tamén os “servizos sociais comunitarios” (40%), un contexto de especial referencia para o exercicio profesional polo que representa como xacemento de emprego.

Táboa 19

Ámbitos de exercicio profesional, de formación

	Ámbitos	Exercicio Profesional (%)	Formación continua realizada (%)	Necesidade formativa expresada (%)
Contextos	Servizos sociais comunitarios	22,6	36,2	40,0
	Formación e orientación laboral	12,6	33,5	30,2
	Sistema escolar	7,0	20,5	28,0
	Desenvolvemento comunitario	8,7	22,3	23,1
	Cooperación ao desenvolvemento	1,7	11,2	15,6
	Lecer e tempo libre	6,1	46,4	15,1
	Animación sociocultural e xestión cultural	5,7	33,5	14,7
Colectivos	Intervención socioeducativa con familias	22,6	54,0	45,3
	Infancia e adolescencia	35,2	70,0	32,0
	Diversidade funcional e discapacidade	14,8	37,1	29,8
	Migración e interculturalidade	10,9	28,6	29,8
	Mocidade	21,3	51,0	28,4
	Educación de persoas adultas	12,2	23,7	20,9
	Senfogarismo	3,9	7,1	20,9
Temas transversais	Xerontoloxía	14,8	34,4	18,7
	Prisións	0,4	4,5	17,3
	Saúde mental	11,7	44,6	59,1
	Adicións	7,0	35,7	36,4
	Diversidade sexual	3,5	27,2	30,2
	Igualdade	12,2	70,0	28,0
	Educación para a saúde	6,1	27,7	28,0
	Educación ambiental	2,6	17,9	12,7

O ámbito de “infancia e adolescencia” é o máis relevante para a profesión no conxunto dos analizados: é o primeiro en inserción profesional do colectivo histórico e actual (65,2%, Táboa 3), en formación continua realizada (7 de cada 10 participantes na mostra), e cun 32% de demanda formativa.

A “intervención socioeducativa con familias” sería o seguinte a destacar por ocupar o segundo lugar en porcentaxes das tres categorías expostas: inserción profesional do colectivo, formación continua realizada e necesidades formativas expresadas. Cabería matizar inda máis engadindo o ámbito de “mocidade”, terceiro, tanto en inserción profesional, como en formación continua desenvolvida.

Un escenario que amosa o ámbito familiar como marco prioritario e a atención a infancias, adolescentes e mocidade, membros das unidades de convivencia, como colectivos destacados.

Necesidades formativas en competencias profesionais

No cuestionario presentáronse, para a súa valoración, un conxunto de competencias elaboradas a partir das descritas no Libro Blanco do título de Grao en Pedagogía e Educación Social (ANECA, 2005) e do documento do CEESG (2018) sobre funcións profesionais. Na Táboa 20 amósanse ordenadas de maior a menor media obtida, sendo que, globalmente, as/os profesionais perciben en termos de ‘media’ (3,16) ou, incluso, ‘baixa’ (caso das Competencias sociais e comunicativas, TICS, Tráballo en equipa-rede) a súa necesidade formativa. Pode interpretarse que o nivel de desempeño profesional no ámbito competencial é elevado no conxunto de educadoras/es da mostra.

Táboa 20

Necesidades formativas en competencias profesionais

Competencias profesionais	Media	DT
Lexislación vixente nas políticas sociais	3,48	1,13
Metodoloxías de intervención socioeducativa	3,38	1,12
Deseño de estratexias socioeducativas	3,34	1,05
Mediación educativa	3,27	1,22
Procesos de avaliación socioeducativa	3,21	1,06
Perspectiva comunitaria	3,19	1,07
Elaboración de proxectos socioeducativos	3,12	1,19
Informe socioeducativo	3,08	1,14
Competencias sociais e comunicativas	2,99	1,05
TICs	2,95	1,22
Traballo en equipa - en rede	2,83	1,09
Necesidades formativas (media total)	3,16	0,78

Ao analizar as respostas atendendo ás características do **posto desempeñado** (Táboa 21) obsérvase que son as/os Docentes (Media = 4,15) quen expresan altos niveis de demanda; cómpre matizar a súa reducida representación na mostra (8 persoas). O resto sitúanse na opción 'baixa-media' na necesidade de formación en competencias, continuando a liña xa expresada no anterior epígrafe.

Táboa 21

Necesidades formativas en competencias profesionais, segundo posto desempeñado

Posto desempeñado	N	Media
Educador/a social	107	3,19
Educador/a (familiar, ambiental...)	42	3,26
Animador/a Sociocultural	2	4,36
Orientador/a (laboral, educativx...)	6	2,81
Técnico/a	30	2,77
Coordinador/a (equipos, programas, recursos...)	17	3,43
Auxiliar técnico, coidador/a, monitor/a	11	2,85
Docente, formador/a	6	4,15
Outros	9	2,87
Total	230	3,16

Nos grupos de discusión destacan tamén a importancia do coñecemento da lexislación vixente:

[A lexislación] non é un contido que chame moito ao alumnado ou que nos encante pero ao final é o que hai, é un básico. Podemos debater moitas cousas pero se a lei di isto, a lei di isto. E por exemplo, en menores é a biblia (GDS3).

E iso é formación teórica. Un alumno que vaia traballar en entidades sociais, que non sepa que é a Lei de Dependencia, que non sepa, que diga “de que me estás falando?” (GDS6).

Os anos de experiencia profesional, contra o que cabería agardar, apenas teñen incidencia no incremento ou diminución da percepción da necesidade formativa. É ‘media’ na práctica totalidade de tramos considerados (Táboa 22), e incluso sorprendentemente inferior nos intervalos de menor experiencia profesional (tramo 3 a 5 anos: \bar{x} 2,96). A competencia en TICS é a única que presenta diferenzas significativas na mostra, en función da experiencia laboral.

Táboa 22

Necesidades formativas en competencias profesionais, segundo anos de experiencia

Anos de experiencia	N	Media
Menos de 3	40	3,12
De 3 a 5	45	2,96
De 6 a 10	44	3,29
De 11 a 15	29	3,34
De 16 a 20	35	3,08
Máis de 20	38	3,23
Total	231	3,16

SOBRE O CEESG E A PARTICIPACIÓN COLEXIAL

En relación ao grao de consecución dos **obxectivos** por parte do CEESG², as medias máis altas refírense ao recoñecemento profesional e á adecuación da profesión aos intereses da cidadanía. En concreto, os resultados concentran as valoracións máis elevadas nos obxectivos referidos a “promover o recoñecemento social e profesional

² Fins esenciais do CEESG (artigo 8. Decreto 230/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia).

da educación social”, “velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía” e “representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social”. Ao respecto destes aspectos, destacan nos grupos de discusión que as dificultades para lograr a consecución destes obxectivos débese a que:

Me parece súper importante facer comunidade profesional, (...) eu sempre imaxínome o cole [CEESG] como paraugas para organizarnos, (...) pero creo que nos falta iso, máis piña, máis comunidade. (GDS3)

Non somos moi afíns tampouco. E á hora de ir explicar as nosas cousas, á hora de pedir polas nosas cousas, e vamos... agora porque estamos debatendo algo xeral, porque si vas a pedir polo teu, pois tiras máis pois ti (...). Quero dicir, somos moi dispersos entón unir iso é moi difícil. (GDC1)

As persoas entrevistadas manifestan unha valoración media (próxima a 3), no grao de consecución dos obxectivos do CEESG en todos os aspectos analizados.

Táboa 23

Valoración do grao de consecución dos obxectivos do CEESG

Obxectivo	Media	DT
Promover o recoñecemento social e profesional da educación social	3,40	1,27
Velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía	3,16	1,17
Representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social	3,13	1,19
Defender os intereses profesionais das/os colexiados/as	3,09	1,26
Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educación social	3,05	1,12
Mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais das/os colexiadas/os, promovendo a súa formación e perfeccionamento	3,03	1,15
Ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas e modalidades	2,98	1,09

En función da experiencia profesional, as educadoras e educadores sociais difiren na súa percepción en torno á consecución dos obxectivos esenciais por parte do CEESG.

As principais diferenzas de puntuacións establécense entre os grupos de menor e maior idade e experiencia profesional, polo que a análise focalízase nestes dous.

Aínda sen diferenzas significativas, o grupo que ten unha percepción máis positiva é o das e dos profesionais con máis de 20 anos de experiencia laboral, e o que outorga as puntuacións inferiores é o das educadoras e educadores que contan entre 3 e 5 anos de experiencia; cuestión que pon de manifesto a necesidade de conectar coas xeracións máis novas, supoñendo que as súas demandas se orientan cara outros aspectos, ou que a resposta ás súas necesidades como colectivo profesional está sendo percibida como insuficiente. Con todo, ambos grupos outorgan as puntuacións máis elevadas á promoción do recoñecemento profesional e a velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía.

Táboa 24

Valoración do grao de consecución de obxectivos segundo experiencia profesional

Obxectivo	De 3 a 5 anos		Máis de 20 anos	
	Media	DT	Media	DT
Ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas e modalidades	2,67	1,17	3,18	1,11
Representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social	2,96	1,21	3,42	1,08
Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educación social	2,87	1,20	3,29	1,16
Mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais das/os colexiadas/os, promovendo a súa formación e perfeccionamento	2,93	1,18	3,37	1,05
Defender os intereses profesionais das/os colexiados/as	2,98	1,26	3,32	1,21
Velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía	3,02	1,12	3,58	1,13
Promover o recoñecemento social e profesional da educación social	3,24	1,23	3,71	1,16

No referido ás **motivacións** para pertencer ao CEESG, as máis frecuentes son as referidas á defensa da profesión (58,4%) e á súa visibilización e recoñecemento

(30,7%), así como á posibilidade de establecer unha rede de contactos (46,3%). Outras das razóns teñen que ver coa loita contra o intrusismo (24,2%), o compromiso/responsabilidade profesional (20,8%), e o acceso a oportunidades laborais (26%) e formativas (22,1%). Neste sentido, cabe afirmar que a defensa da profesión e a súa visibilización, xunto coa ampliación da rede de contactos son as principais motivacións para colexiarse; aspectos que coinciden cos obxectivos máis valorados do labor que desempeña o CEESG.

Tamén cabe sinalar, ao respecto, que algunhas informantes refírense e xustifican o seu esgotamento e falta de motivación no relacionado coa súa pertenza ao colexio profesional debido á escasa cultura de participación entre o propio colectivo:

Despois, no tema do colexio, eu creo que nos falta mais apoio entre nós e máis unión. Para min... eu levo varios anos, pero non participo moito (...). Entón, eu creo que falta moita unión dos educadores sociais. Creo que somos poucos e moi pouco unidos. (GDC1)

A min con respecto ao Colexio de Educadores e Educadoras Sociais noto que hai que ter moita concienciación de querer participar nestas cousas (...). Quero dicir, eu creo que quizais o Colexio de Educadoras e de Educadores Sociais debería de insistir máis en que a xente se colexiase, participase máis. (GDC4)

Eu creo que, en xeral, tamén a cultura de participación pois está mermada en toda a sociedade, entón... (GDC2)

Táboa 25

Motivacións para pertencer ao CEESG

Motivación	N	%
Defensa da profesión	135	58,4
Establecer unha rede de contactos profesionais	107	46,3
Visibilidade e recoñecemento da profesión	71	30,7
Acceso a oportunidades laborais	60	26,0
Loita contra o intrusismo	56	24,2
Compromiso e responsabilidade profesional	48	20,8
Acceso a oportunidades formativas	51	22,1
Mellora da praxe profesional	42	18,2
Estar actualizado/ao día das iniciativas do CEESG	18	7,8
Servizos ofrecidos polo CEESG	14	6,1
Non pertenzo	5	2,2

O **nivel de participación** no CEESG por parte das persoas colexiadas é baixo, con medias inferiores a 2 puntos, o cal resulta curioso, ao ser unha das motivacións máis salientables para pertencer ao CEESG. É máis elevada a participación nas actividades formativas (Táboa 26). Constátanse a existencia de diferenzas significativas segundo a idade na participación en asembleas.

Táboa 26

Nivel de participación no CEESG

Actividade	Media	DT
Actividades formativas	2,01	1,00
Encontros	1,49	0,96
Asembleas	1,45	0,99
Grupos de traballo	1,43	0,91

No conxunto de actividades, percíbese unha clara polarización en dous grupos en función da idade, sendo as persoas colexiadas de entre 54 a 65 anos (n=14) quen máis participa son as de 21 a 31 anos as que menos (n=59), advertíndose a necesidade de promover a participación das xeracións máis novas no colexio profesional.

Eu creo que sigue sendo (CEESG) un gran descoñecido para a maioría dos estudantes. É unha realidade, por moito que haxa alumnas que traballan co propio colexio e demais, eu o que noto é que para a gran maioría do alumnado é (...) descoñecido. (GDS5)

Táboa 27

Nivel de participación no CEESG, segundo tramos de idade

Actividade	De 21 a 31 anos		De 54 a 65 anos	
	Media	DT	Media	DT
Actividades formativas	1,86	0,92	2,00	0,68
Encontros	1,34	0,71	1,79	0,98
Asembleas	1,25	0,54	2,00	1,30
Grupos de traballo	1,31	0,65	2,00	1,41

No referido aos **grupos de traballo**, o 9,3% afirman participar nalgún deles, mentres o 90,7% recoñece non formar parte de ningún grupo, reflectindo de novo a baixa participación. Os grupos actualmente activos no CEESG son:

- Abeira-Escaravellando: grupo de intervención socioeducativa con familias, infancia e adolescencia
- Fiadeiras: grupo de traballo en igualdade
- Geix: grupo de estudos e intervención xeragóxica
- Animación sociocultural e xestión cultural
- Miolo: grupo de traballo de saúde
- A Eira do CEESG: grupo de traballo de desenvolvemento comunitario e Educación ambiental.
- CEESG en diversidade: grupo de traballo sobre diversidade funcional.

A participación das persoas enquisadas en grupos de traballo concéntrase no de Abeira-Escaravellando (36,4%) e no Geix (27,3%), dos ámbitos de “familia, infancia e adolescencia”, e “persoas maiores”, respectivamente.

Táboa 28

Participación en grupos de traballo

Grupo de traballo	%
Abeira-Escaravellando	36,4
Geix	27,3
Fiadeiras	13,6
Miolo	13,6
Animación sociocultural e xestión cultural	9,1

Un 57,1% da mostra non está interesada en participar en grupos de traballo. Ás profesionais interesadas (42,9%) gustaríalles implicarse maioritariamente nos grupos de Abeira-Escaravellando (20,8%) e en Fiadeiras (10,8%), sendo o de Animación sociocultural e xestión cultural o que esperta menor interese (2,2%). Unha información que contrasta cos datos de participación do CEESG, dado que das 956 colexiadas, participan en grupos de traballo 33 persoas (3,5%).

Ademais, o 69,6% das persoas enquisadas afirman non ter interese en constituír novos grupos de traballo, evidenciando o importante desafío ao que se enfrenta o colexio profesional para impulsar a participación colexial.

PROPOSTAS DE MELLORA

De cara a mellorar a situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego, se lle consultou á mostra acerca das accións que deberían desenvolver o CEESG, as Universidades galegas, as Administracións públicas (autonómica e local) e as entidades e empresas contratantes. Para esta análise tivéronse en consideración aquelas propostas que foron reiteradas por 5 ou máis persoas (Táboa 29).

No referido ao **CEESG**, as principais propostas de mellora oriéntanse á defensa e visibilización da profesión, á formación, ás condicións laborais (mellora dos convenios e da oferta pública de emprego) e á incorporación da educación social nos centros escolares. A demanda principal está vinculada coa defensa da profesión (28) “ante a Administración pública” e unha “maior difusión da profesión nas administracións autonómicas e locais”, acadando “representación nos foros políticos onde se deciden as políticas sociais”.

Entón, si nos organizamos como organización profesional tamén teremos que empezar a ser máis activos nas pelexas e en escoita, claro, non podemos deixar [os convenios] só nas mans dos sindicatos. (GDS6)

Táboa 29

Propostas de mellora segundo o axente implicado (N)

Axente	Propostas
CEESG	<ul style="list-style-type: none"> - Defensa e visibilización da profesión: 28 - Loita contra o intrusismo: 21 - Formación (mellora, ampliación...): 17 - Defensa da profesión ante a Administración Pública: 15 - Mellora de convenios laborais: 15 - Revisión da oferta pública de emprego -OPE- (exclusividade educador/a social): 13 - Educación social en centros escolares: 9
Universidades	<ul style="list-style-type: none"> - Actualizar/adaptar o currículo/contidos das materias á realidade profesional: 59 - Formación máis práctica: 26 - Colaboración coas institucións/conexión con espazos profesionais: 17 - Incorporación de educadores/as sociais á docencia universitaria: 14 - Aumentar as horas de prácticas-Prácticum: 12 - Visibilizar a profesión (compromiso, dignificación): 11 - Loita contra o intrusismo: 6
Administracións públicas	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento da profesión: 48 - Posto de educador/a social (exclusivo para titulados/as): 30 - Loita contra o intrusismo: 20 - Incrementar prazas públicas: 11 - Incorporación dos educadores/as á escola: 11 - Coordinación có CEESG/universidades/entidades: 7
Entidades/empresas contratantes	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento/ dignificación da profesión (condicións de traballo): 54 - Contratación como educador/a social: 42 - Mellora dos salarios: 20 - Loita contra o intrusismo: 14 - Mellora de convenios: 13 - Formación: 6 - Coñecemento das funcións/competencias dos educadores/as sociais: 6

As propostas de mellora suxeridas para as **Universidades** galegas teñen que ver coa adaptación dos contidos académicos e ofrecer unha formación máis práctica

(incluíndo a revisión do Prácticum), a mellora da colaboración cos espazos profesionais, a incorporación de profesionais da educación social á docencia universitaria, e a visibilización e dignificación da profesión. As citas máis numerosas (59) son aquelas referidas á actualización e adaptación dos contidos das materias á realidade profesional, incidindo en aspectos como: “adaptar as materias/contidos á realidade laboral das educadoras e educadores sociais”, facer un “reaxuste de materias e incluír outras novas” ou “mellorar a vinculación do contido teórico coa práctica profesional”.

Unha formación universitaria hai que cambiar xa o chip, sobre todo neste tipo de carreiras do social, non pode ser tan teórico. Entón, hai que pois chamar a outros profesionais do mundo da educación, para vir apoiar estas cousas, como falabamos antes, que estea traballando e que aporte á realidade, e estea actualizado e máis dinámico coa realidade. Non pode ser que esteamos dando o mesmo de hai 20 anos. (GDC1)

Penso que temos que ser profesións críticas co sistema, vale?, entón esa criticidade ten que saír tamén de aquí, que para min a universidade foi moi boa, e logo que revisen os Prácticums. Si sabemos que hai entidades sociais que non cumpren os convenios, que tratan ao alumnado como tratan, tamén facer supervisión, pasarnos polos centros. (GDS2)

Que si que está moi bonito iso de “pódese facer, pódese facer”, pero logo si a xente que che está dando as clases nunca interveu realmente, nunca estivo na práctica, hai cousas que está moi ben que mas digas pero que si non as vou a poder implementar, de que me valen?. (GDV5)

Ás **Administracións públicas** (autonómica e local), o colectivo profesional lle demanda un maior recoñecemento da profesión (postos exclusivos para titulados, loita contra o intrusismo, prazas públicas), a incorporación dos educadores/as sociais nas escolas e a mellora da coordinación que establecen co CEESG, as universidades e as entidades/empresas deste sector profesional. As respostas maioritarias orientanse á necesidade de recoñecemento da profesión (48) “en todos os ámbitos de intervención”, á “valoración da figura da educadora social” e á “incorporación aos equipos de traballo”. Concretamente, á Administración Autonómica esíxeselle un maior recoñecemento da profesión:

Necesitamos apoio de arriba, iso está claro e teremos que petarlles na porta e explicarlles que somos e para que somos. Non explicarllo só, senón telo en algo válido, ou sexa, chámalle carreira, título ou algo que lle dea validez e valor a iso. (GDC1)

Á administración autonómica eu si solicito que sexa coherente e que se hai una titulación universitaria que se imparte no país que se chama Educación Social, pois teremos que ter prazas de Educación Social, polo tanto, hai que cambiar o convenio único e que se nos recoñeza como categoría profesional. (GDS3)

Para as **entidades e empresas contratantes** as melloras suxeridas están centradas no recoñecemento da profesión, na mellora das condicións de traballo e na formación continua. O recoñecemento e dignificación da profesión é a principal demanda dirixida a este sector (54), subliñando a necesidade de “coñecer as competencias e funcións dos educadores e crear postos de traballo acordes a estes”, “fomentar as xornadas laborais completas” e “dignificar as condicións laborais propias do posto”.

Entón, si que creo que queda un traballo moi, moi, moi grande de concienciación sobre a necesidade de profesionalizar a atención ás persoas e as vantaxes de profesionalizalas e as vantaxes de que existan profesionais da educación social e todo o que aportan, porque eu creo que non se ven nin se valoran en absoluto. O teño clarísimo. (GDS6)

Varias persoas informantes apuntan á necesidade da presenza da profesión en ámbitos específicos como o escolar:

Desenvolvendo esa figura de coordinadores e coordinadoras de benestar, ou como lle queiran chamar, tamén habería que ter en conta que non somos profesionais só do educativo, senón que somos do socioeducativo. Entón, serviríamos tamén para tecer pontes entre educación social e escola, pero tamén cos concellos, cos centros de saúde e levar todos eses casos de exclusión ou de risco de exclusión que poden aparecer a... pois a onde teñen que ir, pois aos servizos municipais, por exemplo. E creo que sería como unha perspectiva. Sería como darlle ao sistema educativo unha perspectiva totalmente diferente e moito mais acolledora e amable coas persoas. (GDC2)

Eu estou de acordo contigo en que a figura do educador social ten que aparecer na educación regrada. (...). Hai unha desvinculación total desde servizos sociais cos colexios. Cando se detecta algo no colexio son como polos sen cabeza. A orientadora “é que non dou...es que tengo como quinientos alumnos”. Ten que haber unha figura que coordine entre instituto e servizos sociais. (GDV3)

Ou en institucións penitenciarias:

No tiene lógica que haya un puesto de educador social y sólo puedes acceder por promoción interna o por entidades exteriores que, al final, son las que terminan haciendo el trabajo de educación social. Pero que no puedas optar tú a unas oposiciones externas, a estar en un puesto que... bueno que era un puesto de trabajo real de educador social. Yo, al final, estuve en Teixeiro con una educadora que acababa de empezar en ese puesto, pero que llevaba 20 años siendo funcionaria y no tenía para nada formación, me estaba preguntando a mí. Jolín, eso extraña. En tus manos, muchas personas, y no es que tú lo vayas a hacer mal, es que no tienes la formación.(...) ¡Eso es una irresponsabilidad! Entonces, bueno, otro reto conseguir que tengamos esa figura presente y bien definida dentro de las instituciones penitenciarias. (GDC4)

As demandas realizadas aos e ás diferentes axentes concéntranse fundamentalmente na adaptación dos contidos formativos á realidade profesional, no recoñecemento e dignificación da profesión, na contratación de educadores e educadoras sociais nos postos propios do seu perfil, na oferta dunha formación máis práctica e na xeración de espazos de colaboración e de diálogo entre a Universidade e a profesión.

PERFIL PROFESIONAL. SÍNTESE DE DATOS

Ofrécese, no que segue, a descrición do perfil profesional tipo segundo ás tendencias prioritarias obtidas nos grandes bloques de análise do estudo diagnóstico.

Datos descritivos da profesión en Galicia:

- **Muller**, de 38 anos como media de **idade**.
- Traballa cun **contrato** “laboral fixo indefinido” a “tempo completo”, no que se especifica a **figura profesional** de “educadora social” (46%) nunha **entidade** do Terceiro Sector (37,7%), polo que percibe un **salario bruto mensual** de entre 1100 e 1400€. Practicamente en igual proporción (36,8%) traballa na Administración Pública (local-autonómica-provincial), cunha remuneración de entre 1400 e 1700 €.
- Desenvolve a profesión de forma simultánea en varios **ámbitos da Educación Social**, fundamentalmente “infancia e adolescencia”, “familias” e “mocidade”
- En relación ás **competencias profesionais** destaca dúas polo seu grao de importancia: a “competencia comunicativa e interpersonal” e a competencia na “elaboración de documentos básicos de regulación da acción socioeducativa (memorias, informes...)”. A que menos valora no conxunto de competencias é a de “análise e investigación dos contextos sociais e educativos”.
- Entre as **funcións que desenvolve prioritariamente** sinala a de “intervención socioeducativa (individual /grupal)” e de “deseño, coordinación e avaliación de programas e proxectos”.
- Amosa un “alto/aceptable” **grao de satisfacción co traballo**, matizando a incidencia nesta percepción do carácter claramente vocacional da profesión pola que sente un forte compromiso. Ao tempo, outras matizacións perfilan esta mesma apreciación con visións menos positivas (fundamentalmente a precariedade das condicións laborais).
- Entende como media/escasa a **formación inicial** universitaria recibida, tanto en relación aos contextos de acción socioeducativa (particularmente “sistema escolar” e “cooperación ao desenvolvemento”), como a colectivos específicos

(particularmente “senfogarismo” e “prisións”) ou a temas transversais (particularmente “educación para a saúde” e “saúde mental”).

- Participa activamente en actividades de **formación continua**, sendo as temáticas prioritarias as de “infancia e adolescencia”, “intervención con familias”, “igualdade” e “saúde mental”.
- Opina que o **Colexio Profesional** acada un nivel medio na consecución dos seus **obxectivos**, destacando entre eles os referidos a “promover o recoñecemento social e profesional da educación social”, “velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía” e “representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social”.

As **principais motivación para colexiarse** foron á “defensa da profesión” (58,4%) e a posibilidade de establecer unha rede de contactos (46,3%); con todo, o seu **nivel de participación** é baixo, tanto en actividades formativas como particularmente en asembleas, encontros ou grupos de traballo (puntuacións medias de 2 puntos e menos en escala de 1 a 5 puntos).

- Suxire as seguintes **propostas de mellora**:
 - Ao **CEESG**, solicítanlle á defensa e visibilización da profesión (principalmente ante as administracións públicas autonómica e local), á formación, a mellora das condicións laborais (mellora dos convenios e da oferta pública de emprego) e á incorporación da Educación Social nos centros escolares.
 - Ás **Universidades**, demándase mellorar a adaptación dos contidos á realidade profesional e ofrecer unha formación máis práctica (incluíndo a revisión do Prácticum); a mellora da colaboración cos espazos profesionais, a incorporación de profesionais da educación social á docencia universitaria, e a visibilización e dignificación da profesión.
 - Ás **Administracións públicas** (autonómica e local), solicítase un maior recoñecemento da profesión (postos exclusivos para titulados, loita contra o intrusismo, prazas públicas); a incorporación dos educadores/as sociais nas escolas e a mellora da coordinación que

establecen co CEESG, as universidades e as entidades/empresas deste sector profesional.

- Ás **entidades e empresas contratantes** as melloras suxeridas están centradas no recoñecemento da profesión, na mellora das condicións de traballo e na formación continua.

REFERENCIAS

CEESG (2018). *Funcións das educadoras e educadores sociais por ámbitos de actuación*. Deputación da Coruña. https://ceesg.gal/wp-content/uploads/2024/03/funcions_por_ambitos.pdf

ANECA (2005). *Libro Blanco del Título de Grado en Pedagogía y Educación Social*. Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación/ANECA.

ANEXOS

ANEXO 1

CUESTIONARIO

Cuestionario

A profesión da Educación Social en Galicia: análise diagnóstica

Desde o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, planifícase un estudo diagnóstico arredor da situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego. Tras varias décadas de formación inicial universitaria e continua e o percorrido consolidado no quefacer profesional -tanto en ámbitos tradicionais como noutros emerxentes- considérase fundamental realizar unha investigación que permita coñecer o labor dos educadores e educadoras sociais nos diferentes ámbitos de actuación, así como indagar nas principais preocupacións, demandas, necesidades e propostas de futuro da profesión. Trátase de recoller información que pode ser relevante para o CEESG, no coñecemento da actualidade da profesión, e para as universidades, na orientación dos plans de estudo e o desenvolvemento das súas iniciativas formativas.

Para responder ao cuestionario, debes estar exercendo ou ter exercido nos últimos 5 anos funcións de educador/a social.

A túa opinión é fundamental. Convidámote a participar de maneira anónima e agradecemos a túa colaboración.

I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

1. **Xénero** (*non obrigatoria*):
 - Feminino
 - Masculino
 - Non binario
 - Outros. Cal:

2. **Idade:**

3. **Titulación de Educación Social:**
 - Diplomatura en Educación Social
 - Grao en Educación Social
 - Diplomatura e Grao en Educación Social
 - Habilitado/a en Educación Social (*ir a pregunta 5*)

4. **Obtida en:**
 - Universidade da Coruña
 - Universidade de Santiago de Compostela
 - Universidade de Vigo
 - Outras

5. **Outras titulacións:**
 - Ciclo Superior de Formación Profesional
 - Grao/Diplomatura/Licenciatura
 - Mestrado
 - Doutoramento
 - Outro

6. **De ser o caso, indica a denominación do título/s:**

II. SITUACIÓN LABORAL

7. Experiencia profesional como educador/a social:

- Menos de 3 anos
- De 3 a 5 anos
- De 6 a 10 anos
- De 11 a 15 anos
- De 16 a 20 anos
- Máis de 20 anos

8. Situación laboral actual:

- Desempregada/o
- Activa/o
- Xubilada/o

Responde ás seguintes preguntas (nº 9 a 18) respecto do teu **traballo actual**. Se estás en desemprego ou xubilada/o, toma como referencia os datos do teu **último emprego** como educador/a social.

9. Indique onde está a exercer profesionalmente (ou onde o fixo no seu último emprego, no caso de estar actualmente desempregada/o):

- Administración pública autonómica
- Administración pública provincial
- Administración pública local
- Terceiro Sector
- Empresa privada
- Cooperativa
- Autoemprego
- Outro: indicar

10. Denominación do posto de traballo no contrato laboral:

11. Tipo de contrato:

- Tempo Completo (*pasa á pregunta 13*)
- Tempo Parcial. Indicar número de horas semanais:

12. No caso de traballo a tempo parcial, indica o número de horas semanais:

13. Nivel de contratación:

- Funcionario
- Contrato laboral indefinido
- Contrato temporal
- Contrato de inserción para demandantes de emprego (Coopera ou outras modalidades)
- Outro (*indicar*):

14. O teu salario bruto mensual se sitúa (ou situaba no último emprego):

- Menos de 500€
- Entre 501 e 800€
- Entre 801 e 1100€
- Entre 1101 e 1400€
- Entre 1401 e 1700€
- Entre 1700 e 2000€
- Máis de 2000€

15. Ámbito/s actuais de exercicio profesional (ou do teu último emprego, en caso de estar desempregado/a):

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Persoas maiores
- Educación de persoas adultas
- Sistema escolar
- Educación ambiental
- Desenvolvemento comunitario
- Animación sociocultural e xestión cultural
- Lecer e tempo libre
- Servizos Sociais comunitarios
- Formación e orientación laboral
- Educación para a saúde
- Diversidade funcional, discapacidade
- Saúde mental
- Prisións
- Senfogarismo
- Adicións
- Intervención socioeducativa con familias
- Igualdade
- Diversidade sexual
- Migración e interculturalidade
- Cooperación ao desenvolvemento
- Outros (indicar):

16. Ámbito/s anteriores de exercicio profesional:

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Persoas maiores
- Educación de persoas adultas
- Sistema escolar
- Educación ambiental
- Desenvolvemento comunitario
- Animación sociocultural e xestión cultural
- Lecer e tempo libre
- Servizos Sociais comunitarios
- Formación e orientación laboral

- Educación para a saúde
- Diversidade funcional, discapacidade
- Saúde mental
- Prisións
- Senfogarismo
- Adicións
- Intervención socioeducativa con familias
- Igualdade
- Diversidade sexual
- Migración e interculturalidade
- Cooperación ao desenvolvemento
- Outros (*indicar*):

17. **Sinala do 1 ao 5 o grao de satisfacción coas condicións da túa situación laboral actual:** (*Escala: 1 moi baixo; 2 baixo; 3 aceptable; 4 alto; 5 moi alto*)

18. **Por favor, xustifica brevemente a túa resposta:**

III. FORMACIÓN INICIAL E PERMANENTE

19. **Valora o nivel de formación que che aportaron os estudos universitarios en relación aos seguintes ámbitos.** (*Escala: 1 moi baixo; 2 baixo; 3 aceptable; 4 alto; 5 moi alto*)

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Persoas maiores
- Educación de persoas adultas
- Sistema escolar
- Educación ambiental
- Desenvolvemento comunitario
- Animación sociocultural e xestión cultural
- Lecer e tempo libre
- Servizos Sociais comunitarios
- Formación e orientación laboral
- Educación para a saúde
- Diversidade funcional, discapacidade
- Saúde mental
- Prisións
- Senfogarismo
- Adiccións
- Intervención socioeducativa con familias
- Igualdade
- Diversidade sexual
- Migración e interculturalidade
- Cooperación ao desenvolvemento
- Outros (*indicar*):

20. Sinala cal ou cales dos seguintes tipos de formación realizaches tras o inicio da túa actividade laboral como profesional da educación social (formacións no ámbito universitario):

- Mestrado. Indicar cal:
- Curso de especialista. Indicar cal:
- Curso de experto universitario.
- Curso avanzado de posgrao.
- Doutoramento
- Ningunha

21. Se marcaches algunha das opcións da pregunta anterior, sinala a denominacións da/s formación/s cursada/s

22. Sinala aqueles ámbitos/contidos nos que te formaches ao longo da túa formación permanente.

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Persoas maiores
- Educación de persoas adultas
- Sistema escolar
- Educación ambiental
- Desenvolvemento comunitario
- Animación sociocultural e xestión cultural
- Lecer e tempo libre
- Servizos Sociais comunitarios
- Formación e orientación laboral
- Educación para a saúde
- Diversidade funcional, discapacidade
- Saúde mental
- Prisións
- Senfogarismo
- Adicións
- Intervención socioeducativa con familias
- Igualdade
- Diversidade sexual
- Migración e interculturalidade
- Cooperación ao desenvolvemento
- Outro (*indicar*):

23. Máis aló da formación que xa tes recibido, sinala a túa necesidade formativa nos seguintes ámbitos para mellorar o desempeño das túas funcións laborais.

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Persoas maiores
- Educación de persoas adultas
- Sistema escolar
- Educación ambiental

- Desenvolvemento comunitario
- Animación sociocultural e xestión cultural
- Lecer e tempo libre
- Servizos Sociais comunitarios
- Formación e orientación laboral
- Educación para a saúde
- Diversidade funcional, discapacidade
- Saúde mental
- Prisións
- Senfogarismo
- Adicións
- Intervención socioeducativa con familias
- Igualdade
- Diversidade sexual
- Migración e interculturalidade
- Cooperación ao desenvolvemento

24. Sinala a túa necesidade formativa nas seguintes competencias para mellorar o desempeño das túas funcións laborais: *(Escala: 1 ningunha; 2 baixa; 3 media; 4 alta; 5 moi alta)*

- Procesos de avaliación socioeducativa
- Traballo en equipa – en rede
- Competencias sociais e comunicativas
- Deseño de estratexias socioeducativas
- Metodoloxías de intervención socioeducativa
- Elaboración de proxectos socioeducativos
- Lexislación vixente nas políticas sociais
- Novas tecnoloxías
- Informe socioeducativo
- Perspectiva comunitaria
- Mediación educativa
- Outras (*indicar*):

25. Sinala outras necesidades formativas para o teu desempeño laboral, se hai algunha que non estea contemplada na pregunta anterior

IV. EXERCICIO PROFESIONAL

26. Valora a importancia no teu exercicio profesional das competencias asociadas a: *(Escala: 1 ningunha; 2 baixa; 3 media; 4 alta; 5 moi alta).*

- Función de coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos.
- Función de planificación, xestión e avaliación de programas e accións socioeducativas.
- Elaboración de informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.

- Funcións profesionais de traballo directo e de acompañamento, mediación, xeración de redes e promoción da cultura.
- Desenvolvemento profesional, no fomento dunha actitude autocrítica, así como capacidade de reflexión, análise e aprendizaxe permanente.
- Capacidade de axuste da práctica profesional ás esixencias e compromisos deontolóxicos da educación social.
- Capacidades comunicativas e interpersoais.

27. Engadirías algunha outra competencia que consideres clave no exercicio profesional das educadoras/es sociais?

28. Cales son as principais funcións que desenvolves diariamente no teu exercicio profesional? (ou que desenvolvías no teu último emprego no caso de estar actualmente desempregada/o ou xubilada/o)

V. COLEXIO PROFESIONAL

29. Valora o grao de consecución dos seguintes obxectivos do CEESG. (Escala: 1 moi baixo; 2 baixo; 3 aceptable; 4 alto; 5 moi alto):

- Ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas e modalidades.
- Representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social.
- Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educación social.
- Mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais das/os colexiadas/os, promovendo a súa formación e perfeccionamento.
- Defender os intereses profesionais das/os colexiadas/os.
- Velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía.
- Promover o recoñecemento social e profesional da educación social.

30. Sinala as principais motivacións para pertencer ao CEESG (máximo 3)

- Defensa da profesión
- Loita contra o intrusismo
- Mellora da praxe profesional
- Visibilidade e recoñecemento da profesión
- Compromiso e responsabilidade profesional
- Estar actualizada/o e ao día das iniciativas que xorden
- Acceso a oportunidades laborais
- Acceso a oportunidades formativas
- Establecer unha rede de contactos profesionais
- Servizos ofrecidos polo Ceeg

31. Valora o teu nivel de participación no CEESG: (Escala: 1 moi baixo; 2 baixo; 3 aceptable; 4 alto; 5 moi alto)

- Actividades formativas
- Grupos de traballo
- Asembleas
- Encontros

32. Participas nalgún dos grupos de traballo do CEESG?

- Si
- Non (*ir a pregunta 35*)

33. Indica no grupo de traballo no que participas: (*despois pasa á pregunta 37*)

- GEIX, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica
- A EIRA DO CEESG, Grupo de traballo de Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental
- MIOLO, Grupo de traballo de Saúde
- FIADEIRAS, Grupo de traballo de Igualdade
- CEESG EN DIVERDADE, Grupo de traballo sobre Diversidade Funcional
- ABEIRA - ESCARAVELLANDO, Grupo de traballo en Infancia e Adolescencia
- Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural

34. Terías interese en implicarte nalgún dos grupos de traballo do CEESG?

- Si
- Non (*ir a pregunta 34*)

35. Indica en que grupos che gustaría implicarte

- GEIX, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica
- A EIRA DO CEESG, Grupo de traballo de Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental
- MIOLO, Grupo de traballo de Saúde
- FIADEIRAS, Grupo de traballo de Igualdade
- CEESG EN DIVERDADE, Grupo de traballo sobre Diversidade Funcional
- ABEIRA - ESCARAVELLANDO, Grupo de traballo en Infancia e Adolescencia
- Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural

36. Pensas que sería interesante a constitución dalgún outro grupo de traballo? Indica cal:

- Si
- Non (*ir á pregunta 39*)

37. Se respondiches afirmativamente á pregunta anterior, indica o ámbito de traballo no que consideras interesante a constitución dun grupo de traballo

VI. PROPOSTAS DE MELLORA

De cara a mellorar a situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego, sinala propostas que deberían asumir as seguintes institucións:

- 38. O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (máximo 3):**
- 39. As Universidades galegas (máximo 3):**
- 40. As Administracións Públicas -autonómica e local- (máximo 3):**
- 41. As entidades/empresas contratantes (máximo 3):**

Notas:

- Opción única
- Opción múltiple
- Escala Likert

ANEXO 2

GUIÓN DO GRUPO DE DISCUSIÓN

I. FORMACIÓN

- Valoración xeral da formación para o desempeño profesional
- Valoración da formación inicial:
 - Contidos, competencias adquiridas, etc. Principais achegas
 - Principais demandas/necesidades formativas
 - Propostas de mellora
- Valoración da formación permanente:
 - Contidos, competencias adquiridas, etc. Principais achegas.
 - Principais demandas/necesidades formativas
 - Propostas de mellora
- Propostas xerais de mellora para a formación dos educadores/as sociais

II. EJERCICIO PROFESIONAL (ámbitos e funcións)

- Valoración da situación actual do exercicio profesional dos educadores/as sociais:
 - Principais ámbitos do exercicio profesional da profesión en Galicia
 - Contextos emerxentes con presenza de educadores/as sociais
 - Competencias (tarefas-coñecementos) para o exercicio profesional das educadoras/as sociais
 - Principais dificultades/limitacións para o exercicio profesional
 - Propostas de mellora no exercicio profesional

III. REALIDADE DA PROFESIÓN (situación socioprofesional)

- Valoración xeral do campo profesional en Galicia (situación actual da profesión, valoración social, presenza e consolidación da profesión, etc.).
- Visión persoal da situación actual da profesión (satisfacción co exercicio profesional, nesa liña máis persoal, factores internos).
- Medidas e propostas para mellorar a presenza, desenvolvemento e consolidación da educación social en Galicia.

IV. DESAFÍOS E RETOS PARA A PROFESIÓN, no referido a:

- Colexio profesional (CEESG)
- Formación universitaria
- Administracións públicas (autonómica e local)
- Entidades/empresas contratantes

ANEXO 3

CONSENTIMIENTO INFORMADO

CONSENTIMIENTO INFORMADO PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES NO GRUPO DE DISCUSIÓN³

No marco do Convenio “*Estudo diagnóstico da situación actual da profesión da Educación Social no contexto galego e tarefas de asesoramento (EDUSOGAL)*”, asinado entre a USC e o CEESG, lévase a cabo unha investigación co obxectivo de analizar a situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego. Neste sentido preténdese:

- Coñecer os principais ámbitos de acción profesional dos educadores/as sociais en Galicia na actualidade.
- Analizar as necesidades formativas, tanto iniciais como en servizo, da profesión.
- Estudar as funcións que desempeñan os educadores/as sociais nos seus espazos de intervención profesional (específicas, compartidas, etc.).
- Analizar o grao de satisfacción co exercicio profesional.
- Identificar demandas e propostas de futuro para a mellora da profesión.

De mostrarse interesado/a en participar no estudo, solicítaselle formar parte dun Grupo de Discusión que versará arredor dos seguintes bloques temáticos: formación; exercicio profesional; realidade da profesión; retos e desafíos.

A data e hora para o desenvolvemento do Grupo de Discusión será o 17 de novembro de 2023 ás 18 horas na Aula Sarmiento da Facultade de Ciencias da Educación (USC). Cómpre sinalar que a sesión será gravada co fin de poder transcribir e analizar posteriormente a información recollida. Os resultados obtidos serán empregados para fins meramente académicos, garantindo o anonimato e a confidencialidade das respostas. En todo momento, poderá exercer os dereitos que establece a *Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais*.

Se accede a participar na investigación, é necesario que cumprimente e asine o seguinte consentimento.

Eu,, con DNI

DECLARO QUE:

- i. Recibín información sobre a investigación denominada “*Estudo diagnóstico da situación actual da profesión da Educación Social no contexto galego e tarefas de asesoramento (EDUSOGAL)*”
- ii. Recibín información sobre o Grupo de Discusión e os seus bloques temáticos.
- iii. Fun informado/a sobre a confidencialidade e protección dos meus datos, en cumprimento coa Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais.
- iv. A miña colaboración nesta investigación é voluntaria e, en calquera momento, podería decidir non continuar participando, sen consecuencia algunha cara a miña persoa.

³ Modelo utilizado no grupo de discusión da USC, que tamén foi empregado na UDC e na UVIGO.

DOU O MEU CONSENTIMENTO A:

- v. Participar no Grupo de Discusión no marco da investigación “*Estudo diagnóstico da situación actual da profesión da Educación Social no contexto galego e tarefas de asesoramento (EDUSOGAL)*”
- vi. Que a sesión sexa gravada para a posterior análise de datos por parte do equipo investigador.
- vii. Que o equipo investigador poida difundir a información obtida no estudo, sempre para fins académicos e atendendo á *Lei 3/2018 de Protección de Datos*.

En, a de de 2023

Asinado:

ANEXO 4

PLANS DE ESTUDO POR UNIVERSIDADES

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Web: <https://estudios.udc.es/es/study/detail/652g03v01#plan-structure>

1º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Teoría da Educación	Formación básica	6 ECTS
Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa	Formación básica	6 ECTS
Psicoloxía do desenvolvemento	Formación básica	6 ECTS
Psicoloxía Social	Formación básica	6 ECTS
Socioloxía	Formación básica	6 ECTS
Pedagogía Social	Formación básica	6 ECTS
Xénero, Igualdade e Educación	Obrigatoria	6 ECTS
Educación Permanente	Formación básica	6 ECTS
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	Formación básica	6 ECTS
Educación Ambiental e Cultura da Sustentabilidade	Obrigatoria	6 ECTS

2º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Historia da Educación	Formación básica	6 ECTS
Organización e Xestión de Institucións Socioeducativas	Obrigatoria	6 ECTS
Educación Multicultural	Obrigatoria	6 ECTS
Servizos Sociais e Benestar Social	Obrigatoria	6 ECTS
Intervención en Contextos Familiares de Risco	Obrigatoria	6 ECTS
Educación de Menores en Desprotección e Conflito Social	Obrigatoria	6 ECTS
Animación e Xestión Sociocultural	Obrigatoria	6 ECTS
Educación de Persoas Adultas e Maiores	Obrigatoria	6 ECTS
Métodos de Investigación	Formación básica	6 ECTS
Dinámicas de Comunicación e Colaboración na Acción Socioeducativa	Obrigatoria	6 ECTS

3º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Orientación Ocupacional	Obrigatoria	6 ECTS
Acción Socioeducativa con Minorías e Colectivos Vulnerables	Obrigatoria	6 ECTS
Psicoxerontoloxía	Obrigatoria	6 ECTS
Intervención Psicolóxica nas Discapacidades	Obrigatoria	6 ECTS
Técnicas de Recollida e Análise da Información	Obrigatoria	6 ECTS
Métodos de Avaliación de Programas e Servizos Socioeducativos	Obrigatoria	6 ECTS
Prácticum I	Obrigatoria	12 ECTS
Socioloxía da Educación	Optativa	6 ECTS
Antropoloxía da Educación	Optativa	6 ECTS
Recursos e Estratexias para a Intervención no Tempo Libre	Optativa	6 ECTS
Orientación e Políticas de Emprego	Optativa	6 ECTS

4º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Prácticum II	Obrigatoria	30 ECTS
Psicoloxía Comunitaria	Optativa	6 ECTS
Desenvolvemento e Prevención de Condutas Aditivas	Optativa	6 ECTS
Cuestións filosóficas do Mundo Contemporáneo	Optativa	6 ECTS
Educación e Medios de Comunicación Social	Optativa	6 ECTS
Educación para la Paz, a Resolución de Conflictos e a Cidadanía	Optativa	6 ECTS
Avaliación e Diagnóstico de Necesidades Socioeducativas	Optativa	6 ECTS
Administración Local e Acción Cultural e Educativa	Optativa	6 ECTS
Traballo Fin de Grao	Obrigatoria	6 ECTS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Web: <https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-educacion-social>

1º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Antropoloxía da Educación	Formación básica	6 ECTS
Socioloxía da Educación	Formación básica	6 ECTS
Metodoloxía de Investigación en Ciencias Sociais e da Educación	Formación básica	6 ECTS
Psicoloxía Social da Educación	Formación básica	6 ECTS
Psicoloxía do desenvolvemento	Formación básica	6 ECTS
Economía da educación	Formación básica	6 ECTS
Educación e Sociedade en Galicia	Formación básica	6 ECTS
Documentación e Información Educativa	Formación básica	6 ECTS
Teoría da Educación	Formación básica	6 ECTS
Políticas Socioeducativas e Dereitos Humanos	Formación básica	6 ECTS

2º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Pedagogía Social	Obrigatoria	6 ECTS
Formación e Profesionalización en Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Análise e Diagnóstico das Realidades Socioeducativas	Obrigatoria	6 ECTS
Historia da Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Contextos e Ámbitos na Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Familia, Escola e Comunidade na Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Servizos Educativos e Culturais na Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Experiencias e recursos en Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Educación Social, Servizos Sociais e Iniciativa Cidadá	Obrigatoria	6 ECTS
Tecnoloxía Educativa	Obrigatoria	6 ECTS

3º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Avaliación de Programas de Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Dinámica e Técnicas de Educación en Grupo	Obrigatoria	6 ECTS
Planificación e Deseño de Programas de Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Xestión e Desenvolvemento de Programas de Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Métodos e Técnicas na Investigación Socioeducativa	Obrigatoria	6 ECTS
Prácticum de Educación Social I	Obrigatoria	12 ECTS
Mediación e Resolución de Conflictos en Educación Social	Optativa	6 ECTS
Acción Socioeducativa con Minorías e Colectivos Vulnerables	Optativa	6 ECTS
Acción Socioeducativa nas Discapacidades	Optativa	6 ECTS
Educación e Desenvolvemento Comunitario en Contextos Rurais e Urbanos	Optativa	6 ECTS
Educación Social, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Local	Optativa	6 ECTS
Educación Social nas Políticas Culturais	Optativa	6 ECTS

4º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Inserción Laboral e Formación Continua dos Profesionais da Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Investigación, Desenvolvemento e Innovación en Educación Social	Obrigatoria	6 ECTS
Educación nos Medios de Comunicación e Web Social	Obrigatoria	6 ECTS
Prácticum de Educación Social II	Obrigatoria	18 ECTS
Traballo de Fin de Grao	Obrigatoria	6 ECTS
Acción Socioeducativa nas Adicións	Obrigatoria	6 ECTS
Acción Socioeducativa coa Infancia e a Xuventude	Optativa	6 ECTS
Acción Socioeducativa con Persoas Adultas e Maiores	Optativa	6 ECTS
Educación do Ocio e Desenvolvemento Comunitario	Optativa	6 ECTS
Educación Ambiental e Cultura da Sustentabilidade	Optativa	6 ECTS
Animación e Xestión Sociocultural	Optativa	6 ECTS

UNIVERSIDADE DE VIGO

GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Web: https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/?consulta=assignatures&ensenyament=005G130V01&idioma=cast&idioma=gal

1º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Filosoffa: Filosofía social	Formación básica	6 ECTS
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento	Formación básica	6 ECTS
Educación: Teorías e institucións educativas	Formación básica	6 ECTS
Metodoloxía de investigación socioeducativa	Obrigatoria	6 ECTS
Recursos tecnolóxicos en educación social	Obrigatoria	6 ECTS
Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural	Formación básica	6 ECTS
Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo	Formación básica	6 ECTS
Educación: Educación permanente	Formación básica	6 ECTS
Educación: Historia da educación social	Formación básica	6 ECTS
Educación: Pedagogía social	Formación básica	6 ECTS

2º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Psicoloxía: Psicoloxía social	Formación básica	6 ECTS
Socioloxía: Socioloxía da educación	Formación básica	6 ECTS
Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas	Obrigatoria	6 ECTS
Educación social no sistema educativo	Obrigatoria	6 ECTS
Xénero e educación social	Obrigatoria	6 ECTS
Educación de persoas adultas	Obrigatoria	6 ECTS
Educación para o lecer e o tempo libre	Obrigatoria	6 ECTS
Estratexias de aprendizaxe en contextos socioeducativos	Obrigatoria	6 ECTS
Habilidades sociais en educación social	Obrigatoria	6 ECTS
Intervención socioeducativa para a inclusión social	Obrigatoria	6 ECTS

3º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social	Obrigatoria	6 ECTS
Mediación en conflitos e situacións de violencia	Obrigatoria	6 ECTS
Programas de animación sociocultural	Obrigatoria	6 ECTS
Avaliación de programas socioeducativos	Optativa	6 ECTS
Intervención en saúde e educación social	Optativa	6 ECTS
Investigación-acción na práctica socioeducativa	Optativa	6 ECTS
Socioloxía do consumo e identidades culturais	Optativa	6 ECTS
Iniciación na práctica profesional	Obrigatoria	6 ECTS
Prácticas externas: Prácticum I	Obrigatoria	12 ECTS
Dinámica de grupos e intervención psicosocial comunitaria	Optativa	6 ECTS
Educación ambiental para o desenvolvemento sostible	Optativa	6 ECTS
Educación intercultural e para a paz	Optativa	6 ECTS
Xerontoloxía e educación social	Optativa	6 ECTS

4º curso

Materia	Tipoloxía	Créditos
Educación e animación sociolaboral	Obrigatoria	6 ECTS
Intervención socioeducativa nas condutas aditivas	Obrigatoria	6 ECTS
Intervención socioeducativa no ámbito familiar	Obrigatoria	6 ECTS
Discapacidade e educación social	Optativa	18 ECTS
Educación social nos servizos sociais	Optativa	6 ECTS
Programas de educación social na terceira idade	Optativa	6 ECTS
Sexualidade e saúde	Optativa	6 ECTS
Prácticas externas: Prácticum II	Obrigatoria	18 ECTS
Traballo de Fin de Grao	Obrigatoria	12 ECTS